

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 4243** *Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

A Orde FOM 2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal, supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade. Nela xa se indicaba que habería futuras modificacións ante as previsibles medidas que adoptaría a Comisión Europea en relación coas condicións e criterios de aplicación da Directiva 2007/59/CE, co fin de propiciar a maior harmonización posible a nivel europeo.

A presente modificación da citada orde ministerial pretende cumprir, por tanto, un dobre obxectivo. Por unha parte, incorporar a Decisión da Comisión, do 22 de novembro de 2011, sobre os criterios para o recoñecemento dos centros que participan na formación dos maquinistas, os criterios de recoñecemento dos examinadores e os criterios para a organización dos exames, de conformidade coa Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

Así mesmo, recóllese, no que se considerou necesario, a Recomendación da Comisión, do 22 de novembro de 2011, sobre o procedemento de recoñecemento de centros de formación e examinadores de maquinistas, consonte a Directiva 2007/59/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

A presente orde tamén recolle modificacións en relación cos coñecementos necesarios e coas exixencias médicas precisas para acceder á licenza de condución, consonte a Directiva 2014/82/UE, que modifica a Directiva 2007/59/CE, no que respecta aos coñecementos profesionais xerais, aos requisitos médicos e ás prescricións relativas á licenza.

Por outro lado, aclaráronse e precisáronse algunhas cuestións que regula a orde vixente a partir da experiencia acumulada desde a súa entrada en vigor.

Durante a tramitación desta orde foron oídos as entidades ferroviarias e demais interesados no sector ferroviario e o Consello Nacional de Transportes Terrestres.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís, coa conformidade do secretario xeral de Infraestruturas e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguranza na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

Un. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de circulación.*

Exixiráselle a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións de circulación o cumprimento das seguintes condicións:

a) Ter feito os dezaioito anos.

b) Contar, ao menos, co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais. Non obstante, para obter a habilitación de responsable de circulación será necesario dispor do título de bacharel ou dun título de técnico de formación profesional ou equivalentes para efectos laborais ou, na súa falta, acreditar unha experiencia profesional de, ao menos, catro anos como auxiliar de circulación.

c) Para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberase realizar mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

d) Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo I da presente orde.»

Dous. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Suspensión e revogación das habilitacións. Recursos en relación coas habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguranza no tráfico ferroviario, o administrador de infraestruturas ferroviarias suspenderá a habilitación cando:

a) Se detecten no seu titular niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos.

b) Non se realizasen en tempo e forma os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 10.2 desta orde.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos no artigo 92 da Lei do sector ferroviario.

d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.

e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. Así mesmo, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá suspender as habilitacións, de acordo cos criterios de valoración que inclúa no seu sistema de xestión da seguranza, cando os seus titulares cometan unha infracción regulamentaria relacionada coa seguranza na circulación ou cando estivesen

involucrados, con indicios de infracción regulamentaria, nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

3. Se a autoridade responsable da seguranza ferroviaria constata, dentro das súas actuacións de supervisión, que o titular dunha habilitación deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a súa obtención ou incorre nalgún dos supostos incluídos nos dous puntos anteriores, porase en contacto co administrador de infraestruturas ferroviarias para lle solicitar, ben que leve a cabo unha inspección suplementaria, ben que proceda á suspensión da habilitación. O administrador de infraestruturas adoptará as medidas adecuadas e comunicarallas á autoridade responsable da seguranza ferroviaria nun prazo máximo de catro semanas. Con independencia disto, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá prohibir cautelamente o exercicio da actividade até que reciba o informe do administrador de infraestruturas.

4. O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do punto 1. No suposto a) dese punto, deberá transcorrer ao menos un período de tres meses de suspensión antes de poder acreditar novamente a recuperación da aptitude psicofísica.

b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do punto 1.

c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivamento no suposto dos casos a) e c) do punto 1, así como no suposto do punto 2.

d) Transcorridos tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do punto 1, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

e) Cando finalice o procedemento de recuperación establecido no sistema de xestión da seguranza do administrador de infraestruturas ferroviarias, no suposto do punto 2. Este procedemento poderá incluír cursos de actualización e reciclaxe ou acreditación da aptitude psicofísica.

5. O administrador de infraestruturas ferroviarias revogará a habilitación cando:

a) Exista unha perda sobrevida dalgunha das condicións exixidas para a súa obtención.

b) O seu titular cese na súa actividade no administrador de infraestruturas ferroviarias. No caso de auxiliar de circulación dependente doutra entidade, cando o seu titular cause baixa laboral na empresa a que pertencía cando recibiu a habilitación.

c) Do procedemento sancionador que, de ser o caso, derive da suspensión da habilitación se conclúa na perda definitiva desta.

6. O procedemento de suspensión ou, de ser o caso, revogación da habilitación iniciarao de oficio o administrador de infraestruturas ferroviarias, con audiencia do interesado, e a súa resolución anotarase, nos casos de suspensión e revogación, no rexistro a que se refire o punto segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicaráselles ao Rexistro Especial Ferroviario e ao responsable da seguranza na circulación desa entidade. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación, producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivamento das actuacións.

7. Os aspirantes ou titulares das habilitacións poderán recorrer ante a autoridade responsable da seguranza ferroviaria contra as decisións relativas á expedición, actualización, suspensión ou revogación destas no prazo dun mes desde a notificación da denegación da expedición ou actualización, da suspensión

ou da revogación da habilitación; o prazo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido o prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado ese recurso. Contra as resolucións da autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderase interpor recurso contencioso-administrativo.»

Tres. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de infraestrutura.*

Exixiráselle a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feitos os dezaioito anos.
- b) Contar, ao menos, co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais. Non obstante, para obter a habilitación de encargado de traballos será necesario dispor do título de bacharel ou dun título de técnico de formación profesional ou equivalentes para efectos laborais ou, na súa falta, acreditar unha experiencia profesional de ao menos catro anos como piloto de seguranza.
- c) Para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que lle permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.
- d) Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo II da presente orde.»

Catro. O artigo 17 queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Suspensión e revogación das habilitacións. Recursos en relación coas habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguranza no tráfico ferroviario, o administrador de infraestruturas ferroviarias suspenderá a habilitación cando:

- a) Se detecten no seu titular niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos.
- b) Non se realizasen en tempo e forma os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 16.2 desta orde.
- c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei do sector ferroviario.
- d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.
- e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. Así mesmo, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá suspender as habilitacións, de acordo cos criterios de valoración que inclúa no seu sistema de xestión da seguranza, cando os seus titulares cometan unha infracción regulamentaria relacionada coa seguranza na circulación ou cando estivesen

involucrados, con indicios de infracción regulamentaria, nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

3. Se a autoridade responsable da seguranza ferroviaria constata, dentro das súas actuacións de supervisión, que o titular dunha habilitación deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a súa obtención ou incorre nalgún dos supostos incluídos nos dous puntos anteriores, porase en contacto co administrador de infraestruturas ferroviarias para lle solicitar ben que leve a cabo unha inspección suplementaria, ben que proceda á suspensión da habilitación. O administrador de infraestruturas adoptará as medidas adecuadas e comunicarallas á autoridade responsable da seguranza ferroviaria nun prazo máximo de catro semanas. Con independencia disto, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá prohibir cautelarmente o exercicio da actividade até recibir o informe do administrador de infraestruturas.

O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do punto 1. No suposto a) dese punto, deberá transcorrer ao menos un período de tres meses de suspensión antes de poder acreditar novamente a recuperación da aptitude psicofísica.

b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do punto 1.

c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivamento no suposto dos casos a) e c) do punto 1, así como no suposto do punto 2.

d) Transcorridos tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do punto 1, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

e) Cando finalice o procedemento de recuperación establecido no sistema de xestión da seguranza do administrador de infraestruturas ferroviarias, no suposto do punto 2. Este procedemento poderá incluír cursos de actualización e reciclaxe ou acreditación da aptitude psicofísica.

4. O administrador de infraestruturas ferroviarias revogará a habilitación cando:

a) Exista unha perda sobrevida dalgunha das condicións exixidas para a súa obtención.

b) O seu titular cese na súa actividade no administrador de infraestruturas ferroviarias ou, de ser o caso, cause baixa laboral na empresa a que pertencía cando recibiu a habilitación.

c) Do procedemento sancionador que, de ser o caso, derive da suspensión da habilitación se conclúa na perda definitiva desta.

5. O procedemento de suspensión ou, de ser o caso, de revogación da habilitación iniciarase de oficio con audiencia do interesado, a súa resolución nos casos de suspensión ou revogación anotarase no rexistro a que se refire o punto segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicarse ao Rexistro Especial Ferroviario. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido ese prazo sen se notificar a resolución de suspensión ou revogación, producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivamento das actuacións.

6. Os aspirantes ou titulares das habilitacións poderán recorrer ante a autoridade responsable da seguranza ferroviaria contra as decisións relativas á súa expedición, actualización, suspensión ou revogación no prazo dun mes desde a notificación da denegación da expedición ou actualización, da suspensión ou da revogación da habilitación; o prazo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender

desestimado o recurso. Contra as resolucións da autoridade responsable da seguranza poderase interpor recurso contencioso-administrativo.»

Cinco. O artigo 19 queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Tipos de habilitación.*

1. Para o persoal de operacións do tren establécense, en función do tipo de actividade que vaia realizar, as seguintes habilitacións:

- a) De auxiliar de operacións do tren.
- b) De responsable das operacións de carga.
- c) De operador de vehículos de manobras.
- d) De auxiliar de cabina.

2. A habilitación de auxiliar de operacións do tren faculta o seu titular para realizar, entre outros, os labores de enganxe, desenganxe e acoplamento de vehículos ferroviarios, colaborar na realización de probas de freada e efectuar a colocación e retirada dos sinais de cola dos trens. Tamén poderá realizar, ás ordes do responsable de circulación e cando dispoña da formación requirida e así conste na súa habilitación, todas as operacións que implica a realización de manobras, excepto o manexo dos vehículos de manobras. A habilitación de auxiliar de operacións do tren con alcance de manobras tamén faculta para a realización dos labores do auxiliar de cabina.

3. A habilitación de responsable das operacións de carga faculta o seu titular para realizar as funcións de supervisión, dirección e, de ser o caso, execución das operacións de carga e descarga das mercadorías transportadas por ferrocarril, entre as cales se inclúen o acondicionamento da carga e a súa suxeición ao material remolcado, que permitan asegurar que se realizan de conformidade coa normativa ferroviaria e cos procedementos das empresas cargadora e ferroviaria. Corresponde á autoridade responsable da seguranza establecer, de ser o caso, especialidades que correspondan a esta modalidade de habilitación.

4. A habilitación de operador de vehículos de manobras faculta o seu titular para realizar, dentro do límite da denominada zona de manobras das terminais de mercadorías e estacións integrantes da rede ferroviaria de interese xeral que establece a normativa ferroviaria vixente en materia de seguranza na circulación, o desprazamento e manexo de vehículos ferroviarios polas súas vías, en operacións asociadas ás actividades de manobras, de clasificación e de retirada ou subministración de material rodante a derivacións particulares, centros de tratamento técnico ou centros de mantemento de material ferroviario. En todo caso, cando no manexo dos correspondentes vehículos sexa necesario saír da zona protexida para a realización de manobras, o titular desta habilitación deberá estar en posesión da licenza de condución.

5. A habilitación de auxiliar de cabina faculta o seu titular para colaborar co maquinista na identificación e no cumprimento das ordes dos sinais e demais prescricións de circulación que o afecten, así como a utilización do freo de emerxencia e inmovilización do vehículo en casos de emerxencia.»

Seis. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Condicións para acceder á formación que permite obter as habilitacións de operacións do tren.*

Exixirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feitos os dezoito anos.
- b) Contar, ao menos, coa titulación de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais.

c) Para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que lle permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

d) Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo III da presente orde. Queda exceptuada deste requisito a habilitación de responsable das operacións de carga.»

Sete. Dáse nova redacción aos puntos 1 e 2 do artigo 21, que quedan redactados como segue:

«1. A obtención das habilitacións que se inclúen neste título requirirá a superación das correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que facultan, así como, salvo na habilitación para responsable das operacións de carga, a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica regulado no anexo III da presente orde.

2. Determinado o contido dos programas de formación para que os responsables da seguranza na circulación das entidades ferroviarias obteñan as habilitacións de operacións do tren, corresponde ao centro homologado co cal estas entidades conviñesen a formación do seu respectivo persoal o seu desenvolvemento, que establecerá as horas de docencia e a tipoloxía e as características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar. Deberase garantir o suficiente coñecemento da normativa ferroviaria vixente en materia de seguranza na circulación.

Esta proposta de desenvolvemento deberase presentar ante o responsable da seguranza na circulación das empresas ferroviarias ou do administrador de infraestruturas ferroviarias para a súa aprobación, de acordo co establecido no artigo 18 desta orde.

Non obstante o anterior, os programas de formación deberán recoller, ao menos, o seguinte:

a) Respecto da habilitación de operador de vehículos de manobras: polo menos unha carga lectiva equivalente de 100 horas, das cales 80 corresponderán a unha formación práctica e destas, como mínimo, 40 empregaranse no manexo de vehículos ferroviarios dentro da terminal. Non obstante, cando se dispoña da licenza e do certificado de conducción de categoría A será de 60 horas, das cales 40 corresponderán a formación práctica e destas 20 a conducción co vehículo ferroviario que vaia operar. En todo caso, a formación para a obtención desta habilitación deberá recoller, ao menos, coñecementos da parte que corresponda ao operador de vehículos de manobras, dos manuais de circulación e demais normativa ferroviaria vixente, características físicas e técnicas da terminal ferroviaria e do ámbito operativo sobre o cal vai realizar a súa actividade, coñecementos teóricos das características xerais do material rodante de manobras e adaptación ao vehículo con que vai operar, xunto coas prácticas en vía e o seu manexo real, así como formación en materia de prevención de riscos laborais do propio posto.

b) Respecto á habilitación para auxiliar de cabina: de maneira xeral, a formación incluírá coñecementos xerais e regulamentarios da normativa ferroviaria que permitan asistir o maquinista en casos de avaría sobrevida dos sistemas de control, mando e sinalización durante a marcha, así como coñecementos de uso de dispositivos de freo de emerxencia e inmovilización dos vehículos. Ademais, no caso de extensión da habilitación para trens programados sen sistema de control,

mando e sinalización pola non existencia destes na infraestrutura, a formación deberá incluír adicionalmente coñecementos, particularizados ás liñas para as cales se emite a habilitación, sobre os sinais, actuación en situacións degradadas de protección do tren e bloqueos correspondentes.»

Oito. O artigo 23 queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Suspensión e revogación das habilitacións. Recursos en relación coas habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguranza no tráfico ferroviario, os administradores de infraestruturas e as empresas ferroviarias suspenderán as habilitacións cando:

a) Se detecten no seu titular niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos.

b) Non se realizasen en tempo e forma os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 22.2 desta orde.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei do sector ferroviario.

d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.

e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. Así mesmo, a entidade outorgante poderá suspender as habilitacións, de acordo cos criterios de valoración que inclúa no seu sistema de xestión da seguranza, cando os seus titulares cometan unha infracción regulamentaria relacionada coa seguranza na circulación ou cando estivesen involucrados, con indicios de infracción regulamentaria, nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

3. Se a autoridade responsable da seguranza ferroviaria constata, dentro das súas actuacións de supervisión, que o titular dunha habilitación deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a súa obtención ou incorre nalgún dos supostos incluídos nos dous puntos anteriores, porase en contacto coa entidade outorgante para lle solicitar ben que leve a cabo unha inspección suplementaria, ben que proceda á suspensión da habilitación. A entidade outorgante adoptará as medidas adecuadas e comunicarallas á autoridade responsable da seguranza ferroviaria nun prazo máximo de catro semanas. Con independencia disto, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá prohibir cautelarmente o exercicio da actividade até recibir o informe da entidade outorgante.

4. O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do punto 1. No suposto a) dese punto deberá transcorrer, ao menos, un período de tres meses de suspensión antes de poder acreditar novamente a recuperación da aptitude psicofísica.

b) Cumpra a sanción a que dese lugar a infracción cometida ou se proceda ao seu arquivamento no suposto dos casos a) e c) do punto 1, así como no suposto do punto 2.

c) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do punto 1.

d) Transcorran tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do punto 1, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

e) Cando finalice o procedemento de recuperación establecido no sistema de xestión da seguraza da entidade outorgante, no suposto do punto 2. Este procedemento poderá incluír cursos de actualización e reciclaxe ou acreditación da aptitude psicofísica.

5. Os administradores de infraestruturas e as empresas ferroviarias revogarán a habilitación cando:

- a) Exista unha perda sobrevida dalgunha das condicións exixidas para a súa obtención.
- b) O seu titular cese na actividade coa entidade da que recibiu a habilitación.
- c) Do procedemento sancionador que, de ser o caso, derive da suspensión da habilitación se conclúa coa súa perda definitiva.

6. A resolución do procedemento de suspensión ou, de ser o caso, revogación da habilitación anotarase, nos casos de suspensión ou revogación, no rexistro a que se refire o punto segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicáraselles ao Rexistro Especial Ferroviario e ao responsable da seguraza na circulación da entidade que outorgase a habilitación. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido ese prazo sen que se notificase a decisión de suspensión ou revogación, producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente decisión na cal, así mesmo, se ordenará o arquivamento das actuacións.

7. Os aspirantes ou titulares das habilitacións poderán recorrer, ante a autoridade responsable da seguraza ferroviaria, contra as decisións relativas á súa expedición, actualización, suspensión ou revogación no prazo dun mes desde a notificación da denegación da expedición ou a actualización, da suspensión ou da revogación da habilitación. O prazo para dítar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido o prazo sen se dítar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Contra as resolucións da autoridade responsable da seguraza poderase interpor recurso contencioso-administrativo.»

Nove. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Condicións para acceder á formación que permite obter a habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante.*

Exixirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter a habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feitos os dezaioito anos.
- b) Dispor, ao menos, dun título de técnico de formación profesional de grao medio relacionado coas áreas de mantemento de vehículos ferroviarios ou de formación profesional equivalente en mantemento doutros medios de transporte e, neste caso, acreditar unha experiencia mínima de dous anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios.

Alternativamente, cando non se teña o nivel académico referido anteriormente, deberase contar, polo menos, cun título de formación profesional básica ou coa certificación profesional de ter superado os programas de cualificación profesional inicial ou titulación profesional equivalente e acreditar unha experiencia mínima de cinco anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios.

- c) Para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Os centros homologados de

formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.»

Dez. Modifícase a rúbrica do artigo 29 e dáse nova redacción ao seu punto 5, que queda redactado como segue:

«Artigo 29. *Suspensión e revogación da habilitación. Recursos en relación coas habilitacións.*

5. Os aspirantes ou titulares das habilitacións poderán recorrer, ante a autoridade responsable da seguranza ferroviaria, contra as decisións relativas á súa expedición, actualización, suspensión ou revogación no prazo dun mes desde a notificación da denegación da expedición ou actualización, da suspensión ou da revogación da habilitación. O prazo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Contra as resolucións da autoridade responsable da seguranza poderase interpor recurso contencioso-administrativo.»

Once. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Certificación de maquinistas. Licenza e certificados. Duración dos programas formativos.*

1. O persoal de condución que opere na rede ferroviaria de interese xeral como maquinista pertencente a unha empresa ferroviaria provista de certificado de seguranza ou a un administrador de infraestrutura ferroviaria provisto de autorización de seguranza deberá posuír a aptitude e a cualificación necesarias para conducir locomotoras e trens, coa pertinente certificación de maquinista en vigor, de conformidade co establecido neste título.

A certificación de maquinista comporase de dous documentos:

a) Unha licenza que demostre que o maquinista reúne as condicións mínimas establecidas en canto a requisitos e competencias xerais. A licenza identificará o maquinista e o órgano outorgante e nela figurará o seu período de validez.

b) Un ou máis certificados en que se consignarán as infraestruturas polas cales o titular está autorizado a conducir e se indicará o material rodante que ten permitido utilizar.

2. En ausencia dunha normativa comunitaria que o estableza, a distribución do número de horas de carga lectiva entre os programas formativos correspondentes á licenza e aos certificados de categoría A e B terá en conta que o número global de horas de formación sexa equivalente ao establecido na Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, para os títulos de condución de categoría A e B e as habilitacións de condución, respectivamente.

A duración do programa de formación necesario para a obtención da licenza incluírá, ao menos, unha carga lectiva equivalente a catrocentas vinte e cinco horas, das cales, polo menos, cento vinte horas corresponderán á formación práctica e desta, como mínimo, cincuenta e seis horas serán prácticas de condución efectiva en vehículos ferroviarios.

3. Para a obtención do certificado de condución da categoría B, a formación prevista no punto anterior deberá ser completada cos coñecementos xerais comúns descritos no artigo 40.2.a) desta orde. Obterase tras un programa de formación de ao menos unha carga lectiva equivalente a setecentas vinte e cinco horas, das cales, polo menos, trescentas oitenta horas corresponderán á formación práctica e desta, como mínimo, cento sesenta horas serán prácticas de condución efectiva en vehículos ferroviarios.

En todo caso, para obter os certificados de condución da categoría A e B será exixible, ademais, a formación sobre os coñecementos recollidos no artigo 40.2.b)

e c) da presente orde, conforme os itinerarios formativos mínimos establecidos pola autoridade responsable da seguranza ferroviaria, ao abeiro da disposición adicional sétima desta orde.»

Doce. O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Condicións para acceder á formación que permite obter a licenza de maquinista.*

Para acceder á formación que permite obter a licenza de maquinista, o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Contar, ao menos, coa titulación de bacharel ou de técnico de formación profesional ou equivalentes para efectos laborais.

b) Para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que lle permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Adicionalmente, os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico, caso en que a proba se realizará mediante un examinador recoñecido especificamente no dito ámbito, de entre os que se citan no artigo 52 bis desta orde.

c) Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo IV da presente orde.»

Trece. Dáse nova redacción aos puntos 3 e 4 do artigo 34, que quedan redactados como segue:

«3. Para realizar as probas de avaliación, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria, tendo presente criterios de independencia, competencia e imparcialidade, nomeará un tribunal formado por expertos cualificados pola súa experiencia profesional e coñecementos, que se encargarán da supervisión, control e avaliación dos aspirantes. A presidencia deste tribunal recaerá nun funcionario da autoridade responsable da seguranza ferroviaria, que coordinará e supervisará a correcta realización das probas no seu conxunto e velará polo estrito cumprimento da legalidade vixente durante a convocatoria. O tribunal estará formado, ao menos, por tres membros. Así mesmo, dentro da composición do tribunal haberá, ao menos, un examinador recoñecido, que será responsable da dirección das probas de avaliación.

4. As circulacións necesarias para a realización dos exames levaranse a cabo nos tramos e canais horarios que estableza o administrador da infraestrutura correspondente. A estas circulacións non lles será de aplicación ningún canon polo uso da infraestrutura, salvo que constitúan circulacións comerciais. Nos exames poderanse utilizar, ademais, simuladores para comprobar a aplicación das normas de explotación e o comportamento do aspirante en situacións especialmente difíciles e degradadas.»

Catorce. O artigo 35 queda redactado como segue:

«Artigo 35. *Obtención da licenza.*

1. Para obter a licenza será necesario:

a) Ter feitos os vinte anos de idade.

b) Cursar os programas de formación.

c) Demostrar os seus coñecementos profesionais xerais superando as probas de avaliación que inclúan as materias xerais indicadas no anexo V.

d) Xustificar a aptitude psicofísica a través do preceptivo certificado médico regulado no anexo IV.

2. Unha vez realizadas as probas de avaliación, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria comunicará aos aspirantes, no prazo máximo dun mes desde a data de finalización das probas, os seus resultados, e outorgaralles, de ser o caso, a licenza dentro do mes seguinte á data de comunicación de tales resultados, logo de aboamento da correspondente taxa prevista na Lei do sector ferroviario. Esta licenza será inscrita no Rexistro Especial Ferroviario.

3. A licenza expedirase nun só exemplar. Non se outorgarán duplicados, salvo nos supostos de perda, roubo ou extravío debidamente acreditados.»

Quince. Modifícase a rúbrica do artigo 37 e dáse nova redacción aos seus puntos 4 e 5, que quedan redactados como segue:

«Artigo 37. *Suspensión e revogación da licenza. Recursos en relación coas licenzas.*

4. A autoridade responsable da seguranza ferroviaria revogará a licenza cando:

a) Exista unha perda sobrevida dalgunha das condicións exixidas para a súa obtención.

b) Derive dun procedemento sancionador que conclúa na súa perda definitiva.

c) De acordo co artigo 42, fose obxecto de revogación o certificado por se ter producido, un mínimo de dúas veces nun período de cinco anos, a detección no seu titular de niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, ou a negativa á realización das probas correspondentes.

5. As resolucións que dite a autoridade responsable da seguranza en relación coas licenzas esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Dezaseis. O artigo 38 queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Certificados.*

1. O maquinista que conduza pola rede ferroviaria de interese xeral deberá dispor, ademais da licenza de maquinista, do certificado ou certificados correspondentes onde se consignen tanto as infraestruturas polas cales o seu titular estea autorizado a conducir coma o tipo ou tipos de material rodante que estea autorizado a utilizar. En concordancia co artigo 30, o certificado autoriza o maquinista para conducir unha das seguintes categorías de vehículos ou as dúas:

a) Categoría A: vehículos e locomotoras de manobra; trens de traballo a velocidade máxima de 60 km/h e nunha distancia máxima de 140 km desde a base á zona de traballos e viceversa; vehículos ferroviarios empregados para o mantemento e a construción da infraestrutura ferroviaria, e locomotoras cando estas sexan utilizadas para a realización de manobras.

b) Categoría B: trens de transporte de viaxeiros e/ou de mercadorías e todo o recollido na categoría A.

2. Estes certificados axustaranse ao contido do anexo VI desta orde e serán expedidos pola empresa ferroviaria ou polo administrador da infraestrutura que empregue o maquinista, por proposta do responsable da seguranza na circulación da entidade ferroviaria na cal aquel preste os seus servizos.

Sen prexuízo de se lle expedir nominativamente ao seu titular, o certificado non terá carácter persoal senón que pertencerá á entidade outorgante, polo que perderá a súa validez cando se extinga a relación laboral con esta. O maquinista terá, en todo caso, dereito a obter unha copia certificada del, segundo o modelo comunitario establecido polo anexo III do Regulamento (UE) n.º 36/2010 da Comisión, do 3 de decembro de 2009, sobre os modelos comunitarios de licenzas de condución de trens, certificados complementarios, copias autenticadas de certificados complementarios e formularios de solicitude de licenzas de condución de trens, en aplicación da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e de todos os documentos que acrediten a súa formación, cualificacións, experiencia e competencias profesionais.

3. Corresponde aos responsables da seguranza na circulación, no marco do establecido nesta orde:

- a) Propor o tipo e alcance dos certificados de condución.
- b) Comprobar o cumprimento polo aspirante das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter os referidos certificados.
- c) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación dos ditos certificados.
- d) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e das probas de avaliación que formule o centro homologado de formación correspondente.

4. As empresas ferroviarias e, de ser o caso, o administrador de infraestruturas ferroviarias comunicarán á autoridade responsable da seguranza ferroviaria as decisións que adopten en cumprimento do previsto no punto anterior.»

Dezasete. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Condicións para acceder á formación que permite obter os certificados de condución.

Para acceder á formación que permite obter os certificados de condución de vehículos ferroviarios exixírase o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ser titular dunha licenza de maquinista expedida por un Estado membro da Unión Europea.
- b) Para aqueles interesados cuxas licenzas fosen emitidas noutros Estados membros da Unión Europea e cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberase realizar mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido. Adicionalmente, os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizarlles aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico, co obxecto de comprobar que o aspirante poderá efectuar o curso de formación de forma adecuada, especialmente en materia de comunicación e terminoloxía específicas en relación coas operacións ferroviarias e cos procedementos de seguranza.»

Dezaquito. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Programas de formación e probas de avaliación para a obtención dos certificados.*

1. A obtención dos certificados requirirá a superación das correspondentes probas de avaliación teóricas e prácticas conforme o anexo V, co fin de asegurar un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as cales faculta.

2. Os programas de formación axustaranse aos criterios enunciados no anexo V. Deberán cubrir, en calquera caso, os seguintes aspectos:

- a) Coñecementos xerais comúns sobre o material rodante e infraestruturas.
- b) Coñecementos específicos sobre os vehículos e liñas concretos que se deben incluír no certificado.
- c) Coñecementos particulares en relación co sistema de xestión da seguranza da empresa operadora.

A autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá, mediante resolución do seu director, establecer directrices e orientacións sobre o contido dos correspondentes programas formativos.

3. As tarefas de formación relacionadas cos diferentes coñecementos profesionais precisos para a obtención dos certificados previstos neste título, así como os seus cursos de reciclaxe, impartiranos necesariamente os centros homologados conforme esta orde.

4. O calendario formativo, a tipoloxía, as características das probas teóricas e prácticas, así como a duración dos exercicios e probas de avaliación correspondentes serán establecidos, por solicitude do responsable da seguranza na circulación das entidades ferroviarias, polos centros homologados de formación, conforme o programa de formación correspondente.

No caso de aspirantes cuxas licenzas fosen emitidas noutros Estados membros da Unión Europea, deberase deseñar un programa formativo específico complementario para a obtención dos certificados, en función dos seus coñecementos previos acreditados, que permita asegurar o coñecemento das materias exixidas nesta orde para os certificados que habilitan para a circulación pola rede ferroviaria de interese xeral. Estes programas específicos, establecidos polos centros homologados de formación por proposta do responsable da seguranza da entidade ferroviaria empregadora, serán comunicados á autoridade responsable da seguranza ferroviaria con carácter previo ao seu inicio.

Naqueles casos en que os contidos formativos necesarios para o certificado afecten os coñecementos xerais do punto 2.a) deste artigo, serán comunicados á autoridade responsable da seguranza ferroviaria. Igualmente, nestes supostos, os centros homologados de formación comunicarán, con antelación á realización das probas, o contido das probas de exame, a elección de examinadores e os criterios de valoración.

A autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá utilizar as comunicacións recibidas conforme o sinalado no parágrafo anterior nas súas funcións de supervisión dos procedementos dos sistemas de xestión da seguranza das entidades ferroviarias, relativos á formación e cualificación do persoal.

5. Ao rematar cada curso de formación realizaranse exames teóricos e prácticos sobre o nivel de coñecementos adquiridos polos aspirantes. As probas prácticas de avaliación para a obtención do certificado de condución, ao igual que as prácticas de condución efectiva, realizaranse nas liñas da rede ferroviaria de interese xeral para as cales se obtén a habilitación ou, no caso de manobras, en instalacións conectadas a ela. A estas circulacións non lles será de aplicación ningún canon polo uso da infraestruturas, salvo que constitúan circulacións comerciais.

Nos exames poderanse utilizar simuladores para comprobar a aplicación das normas de explotación e o comportamento do maquinista en situacións particularmente difíciles e degradadas.

6. As probas de avaliación serán efectuadas ante un tribunal formado por examinadores do centro homologado de formación e da entidade ferroviaria que expida o certificado, a que corresponderá, ademais, a súa presidencia, e deberanse organizar de maneira que non se poidan suscitar conflitos de intereses. A autoridade responsable da seguraza ferroviaria poderá designar observadores da realización destas probas.

7. As probas de avaliación farán referencia ás materias recollidas no anexo V.

8. Realizaranse, polo menos cada dous anos, cursos de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos para os titulares dos certificados, cuxo contido se axustará ás materias recollidas no punto V.3 do anexo V. As entidades ferroviarias, no marco dos seus procedementos e xunto cos centros de formación, establecerán avaliacións dos coñecementos adquiridos nestes cursos para verificar a aprehensión destes e a súa transferencia ás tarefas que deban desenvolver.

En todo caso, deberán realizarse os cursos cando se produzan innovacións tecnolóxicas ou cambios normativos e cando, a xuízo da autoridade responsable da seguraza ferroviaria, así se considere.

9. Durante os cinco primeiros anos de exercicio da profesión, a carga lectiva práctica para a obtención dos coñecementos específicos sobre as liñas e vehículos para a obtención do certificado do persoal de condución a que se refire o punto 2.b) deste artigo será o dobre da establecida como regra xeral mediante a resolución da disposición adicional sétima desta orde.

10. O formato básico do documento que formalice o outorgamento dos certificados será establecido pola autoridade responsable da seguraza ferroviaria e conterá, ao menos, a información reflectida no anexo VI desta orde.

11. Os certificados expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.

12. Cando se obteña un novo certificado, a entidade outorgante actualizará as referencias ao material rodante e infraestruturas autorizados ao maquinista titular.»

Dezanove. Engádesse un novo artigo 40 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 40 bis. *Cursos de formación para a obtención dos coñecementos xerais mínimos necesarios para os certificados de categoría B para o persoal de condución.*

1. Sen prexuízo do establecido como regra xeral no artigo 40 para a formación e avaliación dos certificados de condución, os centros homologados de formación, preferentemente de maneira conxunta cos cursos relativos ás licenzas e sen que sexa necesaria a petición previa dunha entidade ferroviaria, poderán solicitar impartir formación correspondente aos coñecementos xerais mínimos necesarios para os certificados de categoría B, descritos no artigo 40.2.a) da presente orde.

2. Neste caso, o procedemento para a convocatoria, organización e avaliación levarase a cabo de conformidade co establecido nos artigos 34 e 49, e a realización da proba de avaliación corresponderalle á autoridade responsable da seguraza ferroviaria.

3. Unha vez superada a proba, a autoridade responsable da seguraza ferroviaria emitirá, ademais da licenza, un diploma en que se inclúa o nome do centro que impartiu a formación, nome do titular, DNI, domicilio, data e lugar de nacemento do titular, data de expedición do diploma e coñecementos superados.

4. O responsable da seguraza dunha entidade ferroviaria terá en conta, para a emisión dos certificados, o diploma da autoridade responsable da seguraza

ferroviaria e considerarao como acreditación dos coñecementos xerais mínimos necesarios para o certificado de categoría B, sen prexuízo de formación ou probas adicionais que considere oportunas. En todo caso, deberá completarse a formación correspondente aos coñecementos do punto 40.2.b) e c).

Sempre que transcorresen máis de dous anos desde a obtención do citado diploma sen que o seu titular obtivese un certificado de categoría B, previamente á emisión do certificado os aspirantes deberán realizar un curso de reciclaxe, impartido por un centro de formación homologado, similar ao establecido no artigo 40.8 para os certificados.

5. Para obter estes diplomas non será necesaria a vinculación laboral do aspirante a unha entidade ferroviaria e non perderán a súa vixencia nos supostos de baixa laboral nunha entidade ferroviaria.»

Vinte. Dáse nova redacción ao punto 5 do artigo 41, que queda redactado como segue:

«5. Sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta orde, en relación cos prazos de validez do certificado de aptitude psicofísica, todo titular dun certificado se someterá, por indicación do seu superior xerárquico, a recoñecementos psicofísicos adicionais cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que estivese involucrado nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese ter dado lugar a un accidente.
- b) Que se observasen no titular alteracións evidentes do seu estado físico ou psíquico.
- c) Que estivese separado, por enfermidade ou accidente, do exercicio das tarefas de conducción de vehículos ferroviarios durante máis de trinta días, así como despois dun accidente laboral grave ou moi grave. Todo isto sen prexuízo do establecido no anexo IV.»

Vinte e un. O artigo 42 queda redactado como segue:

«Artigo 42. *Suspensión e revogación dos certificados. Recursos en relación cos certificados.*

1. Para os efectos de garantir a seguranza no tráfico ferroviario, suspenderase a validez do certificado cando:

- a) Se detecten no seu titular niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos.
- b) Non se realizasen en tempo e forma os cursos de actualización e reciclaxe correspondentes.
- c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos no artigo 92 da Lei do sector ferroviario.
- d) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. Así mesmo, a entidade outorgante poderá suspender o certificado, de acordo cos criterios de valoración que inclúa no seu sistema de xestión da seguranza, cando o titular cometa unha infracción regulamentaria relacionada coa seguranza na circulación ou cando estivese involucrado, con indicios de infracción regulamentaria, nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

3. Se a autoridade responsable da seguranza ferroviaria constata, nas súas actuacións de inspección ou control, que o maquinista deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a obtención do certificado ou incorre nalgún dos supostos incluídos nos dos puntos anteriores, porase en contacto coa entidade ferroviaria outorgante deste para lle solicitar ben que leve a cabo unha inspección suplementaria, ben que proceda á suspensión do certificado. A entidade outorgante adoptará as medidas adecuadas e comunicarallas á autoridade responsable da seguranza ferroviaria nun prazo máximo de catro semanas. Con independencia disto, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá prohibir cauteladamente ao dito maquinista que opere na rede ferroviaria de interese xeral até recibir o informe da entidade outorgante.

Se esa autoridade responsable ou o administrador de infraestruturas ferroviarias considera que o estado ou actuación dun maquinista supón unha ameaza grave para a seguranza ferroviaria, adoptará as medidas necesarias, que poderán incluír a solicitude de detención do tren, e prohibir ao maquinista temporalmente a realización da súa actividade xustificando a decisión tomada. En todos os casos as decisións anteriores serán obxecto de anotación nos rexistros correspondentes e comunicaránselles á Comisión Europea e demais autoridades competentes, no caso de que afecte entidades ferroviarias doutros Estados membros.

4. O titular poderá recuperar a validez do certificado suspendido cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica, no suposto dos casos a) e d), do punto 1. No suposto a) deberá transcorrer ao menos un período de tres meses mínimo de suspensión antes de poder acreditar novamente a recuperación da aptitude psicofísica.

b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe, no suposto do caso b) do punto 1.

c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida ou se proceda ao seu arquivamento, no suposto dos casos a) e c) do punto 1, así como no suposto do punto 2.

d) Transcorridos tres meses despois da súa negativa no suposto do caso d) do punto 1, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

e) Cando finalice o procedemento de recuperación establecido no sistema de xestión da seguranza da entidade outorgante, no suposto do punto 2. Este procedemento poderá incluír cursos de actualización e reciclaxe ou acreditación da aptitude psicofísica.

5. Revogarase o certificado cando derive dun procedemento sancionador que, de ser o caso, conclúa na súa perda definitiva e, en particular, nos seguintes supostos:

a) Por se teren detectado no seu titular niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, un mínimo de dúas veces nun período de cinco anos,

b) Por se ter producido a negativa á realización de probas para a detección do consumo de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos ou outras substancias con efectos análogos, un mínimo de dúas veces nun período de cinco anos.

6. O procedemento de suspensión ou, de ser o caso, revogación do certificado iniciaráo de oficio a entidade ferroviaria con audiencia do interesado e a súa resolución, nos casos de suspensión ou revogación, anotarase no rexistro a que se refire o punto segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicáraselle ao Rexistro Especial Ferroviario. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido ese prazo sen se notificar o acordo de suspensión ou revogación, producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por

medio da correspondente decisión na cal, así mesmo, se ordenará o arquivamento das actuacións.

7. Os aspirantes ou titulares dos certificados poderán recorrer ante a autoridade responsable da seguranza ferroviaria as decisións relativas á expedición, actualización, suspensión ou revogación destas no prazo dun mes desde a notificación da denegación da expedición ou da actualización, da suspensión ou da revogación do certificado; o prazo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberá entenderse desestimado o recurso. Contra as resolucións da autoridade responsable da seguranza poderase interpor recurso contencioso-administrativo.»

Vinte e dous. Dáse nova redacción aos puntos 5 e 6 do artigo 47, que quedan redactados como segue:

«5. A infraestrutura ferroviaria sobre a cal se deben desenvolver as prácticas de condución por parte dos aspirantes á obtención das licenzas e demais títulos habilitantes de condución de vehículos ferroviarios regulados nesta orde deberá corresponder, como regra xeral, á rede ferroviaria de interese xeral. Non obstante, por solicitude do centro homologado de formación, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá autorizar a realización de prácticas de condución en vías ferroviarias, terminais e instalacións conectadas á dita rede.

As prácticas de formación dos aspirantes á obtención das demais habilitacións reguladas nesta orde deberase realizar, como regra xeral, na rede ferroviaria de interese xeral, ben que a autoridade responsable da seguranza ferroviaria, por solicitude do centro homologado de formación, poderá autorizar a realización desas prácticas noutros lugares que considere adecuados. A exixencia anterior non será aplicable á formación para obter as habilitacións de auxiliar de operacións de tren e de responsable das operacións de carga.

6. As circulacións necesarias para realizar os exames efectuaranse na rede ferroviaria de interese xeral. O administrador de infraestruturas, por instancia dos centros homologados de formación, establecerá os tramos, canais e horarios precisos para as circulacións necesarias para realizar os exames e as prácticas que así o requiran. A esas circulacións non lles será de aplicación ningún canon polo uso da infraestrutura, salvo que constitúan circulacións comerciais.»

Vinte e tres. O artigo 51 queda redactado como segue:

«Artigo 51. *Obrigacións dos centros homologados de formación.*

1. Os centros homologados de formación estarán obrigados a conservar, durante un período de cinco anos, os expedientes de cada curso á disposición da autoridade responsable da seguranza ferroviaria, das entidades ferroviarias e, de ser o caso, dos centros de mantemento de material rodante cos cales establezan convenios.

2. Igualmente, deberán remitir ao Rexistro Especial Ferroviario información sobre os datos correspondentes a ese rexistro dos alumnos titulares dunha licenza de condución que superasen o nivel de coñecementos exixido nos correspondentes cursos de actualización e reciclaxe.

3. Os centros homologados serán responsables de comprobar, antes do inicio da formación, que se cumpren as condicións para acceder a ela correspondentes ás licenzas, certificados e habilitacións desta orde.»

Vinte e catro. O artigo 52 queda redactado como segue:

«Artigo 52. *Convocatoria de exames. Examinadores.*

1. En cada convocatoria de probas de avaliación para obter a licenza de condución, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria definirá o contido das

probas sobre coñecementos teóricos e prácticos e respectará o contido mínimo que se establece no anexo V da presente orde, con indicación da súa duración, número de preguntas ou exercicios que deben realizarse e criterios para a súa cualificación.

A autoridade responsable da seguranza ferroviaria nomeará un tribunal para examinar os aspirantes, conforme o disposto no artigo 34.3 desta orde.

Para realizar os exames os centros homologados estarán obrigados a pór á disposición da autoridade responsable da seguranza ferroviaria os medios humanos e materiais e a prestar a colaboración necesaria, cando lles sexan requiridos.

2. As convocatorias para obter habilitacións e certificados estarán restrinxidas ao ámbito e aos procedementos que fosen acordados, segundo os casos, polo administrador da infraestrutura, polas empresas ferroviarias ou polos centros homologados de mantemento de material rodante, cos centros homologados de formación. Os mesmos acordos rexerán, de ser o caso, para definir o contido das probas de exame, a elección de examinadores e os criterios de cualificación. Para o caso dos certificados, o contido deses acordos estará en concordancia co sistema de xestión da seguranza de cada entidade ferroviaria.

3. Para os efectos dos exames para obter os certificados de condución, os centros homologados de formación terán o carácter de centros de exame como entidades aptas para avaliar maquinistas.

Nos casos en que nunha proba só haxa un examinador, este non poderá ser a persoa que impartiu ao alumno a formación sobre a materia concreta obxecto do exame. Tanto neste suposto como nos casos en que haxa outros examinadores na proba en tales circunstancias, a avaliación sobre as materias impartidas polos ditos examinadores realizaraa outro examinador distinto que non participase na formación ao alumno sobre tal materia.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo artigo 52 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 52 bis. *Recoñecemento dos examinadores para obter a licenza e os certificados de condución.*

1. As persoas que desexen solicitar a súa habilitación como examinadores recoñecidos deberán dirixir á autoridade responsable da seguranza ferroviaria a correspondente solicitude e asinar unha declaración, cuxo modelo será aprobado mediante resolución pola autoridade responsable da seguranza ferroviaria, na cal manifesten o seu compromiso de actuar de maneira imparcial, independente e non discriminatoria.

2. Con carácter xeral, a experiencia requirida aos aspirantes a examinadores recoñecidos en relación coas materias obxecto do exame deberá corresponder a un período de práctica profesional non inferior a catro anos, desenvolvida nos cinco anos anteriores á data en que se presente a solicitude a que se fai referencia no punto anterior. Os seus coñecementos deberán estar actualizados no momento da presentación da solicitude. O prazo de cinco anos previsto neste punto entenderase ampliado polo mesmo tempo que os aspirantes dedicasen a algunha das formas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral previstas na lexislación vixente sobre permisos e licenzas, cando tal circunstancia resulte debidamente acreditada.

O período de experiencia profesional poderá incluír, entre outras, fases como xestor de maquinistas en posesión dunha licenza de maquinista válida e o seu certificado complementario, ou como formador en tarefas pertinentes para a solicitude presentada.

3. Para os exames prácticos que se realicen a bordo de trens, o examinador deberá posuír unha licenza de maquinista válida e un certificado válido relativo á materia de exame ou a un tipo similar de liña/material rodante ou, de ser o caso, un título de condución e habilitacións equivalentes. Se o examinador non posúe un certificado válido para a infraestrutura/material rodante obxecto do exame, deberá estar asistido durante a súa realización por un maquinista que posúa o certificado

pertinente para esa infraestrutura/material rodante, de conformidade co establecido nesta orde.

4. No caso de liñas novas ou recentemente equipadas ou nos supostos de material rodante novo, así como noutros casos excepcionais de natureza similar, e dado que ningún examinador recoñecido pode dispor de certificado de condución válido, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá establecer as condicións e os requisitos particulares que se lles exixirán aos examinadores recoñecidos nestes casos; porén, respectará a experiencia mínima profesional establecida no punto anterior, así como a exixencia de licenza de condución.

5. Ademais, os solicitantes deberán acreditar que, como mínimo, cumpren as seguintes condicións:

a) Posuír un grao de comprensión e expresión oral do idioma castelán equivalente como mínimo ao nivel B2 do “Marco de referencia europeo de competencia lingüística” elaborado polo Consello de Europa, cuestión que se deberá acreditar suficientemente mediante certificado dun centro de ensino de idiomas recoñecido oficialmente.

b) Posuír os coñecementos suficientes respecto dos procedementos dos exames en que van participar e da documentación empregada, así como a aptitude pedagóxica necesaria para a súa realización.

c) Contar cun programa de actualización de coñecementos teóricos e prácticos nas materias obxecto de exame.

d) Estar familiarizado co sistema de certificación de maquinistas.

e) No caso de examinadores sobre as competencias lingüísticas en materia de comunicación e terminoloxía específicas en relación coas operacións ferroviarias e os procedementos de seguranza, deberanse presentar certificados segundo a práctica habitual no ámbito da formación lingüística, que confirmen a súa competencia para examinar de acordo cos principios e coa metodoloxía do “Marco de referencia europeo de competencia lingüística” establecido polo Consello de Europa.

A autoridade responsable da seguranza ferroviaria analizará a solicitude e a documentación que se xunte e resolverá finalmente outorgando ou, de ser o caso, denegando o recoñecemento como examinador e expedirá a credencial correspondente. Contra a resolución caberán os recursos establecidos pola normativa vixente.

6. A credencial do recoñecemento dun examinador terá unha vixencia de cinco anos, ben que a autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá reducir o período de vixencia en relación coa totalidade ou parte dos ámbitos de competencias indicados na credencial en casos xustificados.

O titular dunha credencial de recoñecemento válida poderá solicitar en todo momento a súa modificación para engadir un ou varios ámbitos de competencia, e achegará os documentos complementarios adecuados e sen que a data de vencemento da credencial de recoñecemento modificada se vexa afectada.

7. De se produciren cambios que obriguen a modificar a credencial de recoñecemento porque deixaron de cumprirse os requisitos en relación cun ou con varios dos ámbitos de competencia especificados, o examinador recoñecido debe deixar inmediatamente de examinar neses ámbitos de competencia e informar por escrito a autoridade responsable da seguranza ferroviaria para que actualice, de ser o caso, a credencial de recoñecemento.

8. As credenciais de recoñecemento deben renovarse por solicitude do examinador e expedirse nas mesmas condicións que as da credencial de recoñecemento inicial. A autoridade responsable da seguranza ferroviaria poderá establecer un procedemento simplificado para os casos en que non cambien as condicións para o recoñecemento.

9. Se tras a avaliación ou supervisión realizada pola autoridade responsable da seguranza ferroviaria se observa que un examinador non cumpre os requisitos para o recoñecemento, a autoridade responsable retirará ou suspenderá a credencial de recoñecemento correspondente.

Se a autoridade responsable da seguranza ferroviaria constata que un examinador recoñecido pola autoridade competente doutro Estado membro non cumpre un ou varios requisitos da Directiva 2007/59/CE e da Decisión 2011/765/UE, informará a autoridade competente do Estado membro que concedeu a credencial de recoñecemento e solicitará que esta última realice as comprobacións adecuadas.

10. A autoridade responsable da seguranza ferroviaria inscribirá os examinadores recoñecidos dentro dunha nova subsección, así denominada, que figurará dentro da sección 4.^a do Rexistro Especial Ferroviario e fará públicos os datos necesarios. Para manter o rexistro actualizado, os examinadores recoñecidos informarán a autoridade responsable da seguranza ferroviaria de todo cambio nos datos que figuren nel.

De igual maneira, na sección de centros homologados de formación de persoal ferroviario do Rexistro Especial Ferroviario inscribírase, a continuación da relación do persoal instrutor de cada centro homologado, a relación do persoal examinador de maquinistas de cada un deses centros.

11. Mediante resolución da autoridade responsable da seguranza ferroviaria, publicada no BOE, desenvolveranse os sistemas de solicitude de recoñecemento como examinador, concesión, vixencia, modificación, renovación e revogación das credenciais de examinador e rexistro destas.»

Vinte e seis. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 53, que queda redactado como segue:

«2) Os centros homologados deberán proporcionar á autoridade responsable da seguranza ferroviaria canta información relacionada coa formación dos alumnos lles sexa requirida como consecuencia das actuacións de inspección.

Independentemente do anterior, en todo caso, antes do 30 de xuño de cada ano, os centros presentarán un informe anual das actividades realizadas durante o ano anterior, en que constarán:

- a) Información detallada dos cursos impartidos e os seus resultados.
- b) Descrición daqueles cambios nos seus medios, procedementos ou condicións que serviron de base á súa homologación.
- c) Información sobre a aplicación do seu sistema de xestión interno para asegurar a calidade da formación e o adecuado funcionamento do centro, en particular sobre:

- Procedementos de control da calidade da formación.
- Formación continua do persoal e melloras do equipamento.
- Resultados de plans e programas, mediante indicadores do seu cumprimento.
- Resultados de auditorías internas de calidade.»

Vinte e sete. O artigo 55 queda redactado como segue:

«Artigo 55. *Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.*

Cumpríranse os requisitos de competencia profesional e de capacidade técnica cando o centro conte:

- a) Cunha estrutura empresarial adecuada para ofrecer a formación que pretende impartir co debido nivel de calidade, que se acreditará:

- 1.º Cun proxecto docente para o conxunto de actividades que se pretenden desenvolver.

2.º Un plan de calidade da formación que permita garantir a calidade na formación impartida de acordo co establecido nesta orde.

3.º Un responsable como director do centro, con experiencia profesional no campo da formación e cun título universitario oficial, título de grao ou máster ou equivalente.

b) Persoal docente adecuadamente capacitado e en número suficiente para exercer a actividade para a cal se solicita a homologación. Entre este persoal deberase encontrar:

1.º Ao menos un responsable entre o persoal instrutor da formación teórica, que deberá dispor dun título universitario oficial, título de grao ou máster ou equivalente, e acreditar unha experiencia profesional e docente suficiente nas materias que compoñen a formación.

2.º Formadores da formación práctica requirida para licenzas e certificados de condución en posesión da licenza de maquinistas en vigor e un certificado válido que cubra a materia tratada, ou un tipo similar de liña ou material rodante, e cunha experiencia profesional mínima de tres anos na condución de trens ou locomotoras.

A autoridade responsable da seguranza ferroviaria resolverá, por petición razoada de cada centro homologado, acerca da similitude de liñas ou material rodante para os efectos da validez dos certificados, de acordo co establecido no parágrafo anterior.

No caso da formación de certificados de condución, se o formador carece dese certificado, garantirase que estea presente na formación un maquinista que posúa ese certificado.

3.º Ao menos un responsable entre o persoal instrutor da formación práctica para as habilitacións que se recollen nesta orde, que deberá acreditar unha experiencia nas funcións correspondentes ás habilitacións cuxa formación se imparta de, polo menos, catro anos para a formación da habilitación de responsable de circulación, e de tres anos para o resto das habilitacións, salvo supostos excepcionais expresamente autorizados, caso a caso, pola autoridade responsable da seguranza ferroviaria.

c) Medios e, de ser o caso, instalacións adecuadas e en número suficiente para exercer a actividade para a cal se solicita a homologación. Estimarase que o centro cumpre este requisito se dispón de:

1.º Aulas de clases teóricas, cunha superficie media aproximada de 2,5 metros cadrados por alumno, co mobiliario e cos medios docentes adecuados ao número de alumnos e aos cursos e contidos previstos no proxecto docente.

2.º Instalacións para realizar as prácticas que correspondan á formación que se vai impartir. Terán a consideración de instalacións de prácticas, no caso da licenza ou certificados de condución, as cabinas dos vehículos ferroviarios e os talleres onde se manteñen. Para as habilitacións poderán considerarse instalacións de prácticas as estacións, os postos de mando, as terminais, os talleres e demais instalacións ferroviarias onde se realice a actividade para a cal se pretende habilitar.

3.º Un sistema de arquivamento adecuado para a documentación relativa ao seu persoal e aos seus alumnos, aos programas de formación e ás actividades docentes que realice.

4.º Os centros deberán reunir as condicións de habitabilidade e de seguranza exixidas pola normativa vixente.

d) Acordos, de ser o caso, realizados coas entidades ferroviarias para a realización de prácticas de condución acompañados por un maquinista provisto da licenza e o certificado correspondente.

e) Un sistema de xestión interna, que garanta que a prestación dos servizos que subministra ao sistema ferroviario é conforme, ao menos, coas normas e requisitos fixados nas normas europeas e nacionais que os regulan.»

Vinte e oito. Dáse nova redacción aos puntos 2 e 8 do artigo 57, que quedan redactados como segue:

«2. A solicitude de homologación dun centro de formación poderá ir acompañada da documentación que o solicitante considere oportuna para un mellor coñecemento e valoración da súa petición. En todo caso, deberanse xuntar os seguintes documentos:

a) Cando se trate de sociedades mercantís, a escritura de constitución e, de ser o caso, de modificación, inscrita no Rexistro Mercantil, en que conste o seu capital social no momento da solicitude. Cando se trate de fundacións, a escritura de constitución e a súa inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións. Cando se trate de centros dependentes dunha entidade ferroviaria, a escritura de constitución desta ou, de ser o caso, as referencias legais á condición de entidade pública empresarial de que depende.

b) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos enumerados no artigo 54.3 cando non sexa posible achegar os certificados correspondentes. Os administradores ou directivos de entidades que soliciten a homologación e teñan nacionalidade estranxeira deberán presentar un certificado expedido polo órgano competente do seu Estado en que se faga constar que non están incursos en ningún dos supostos expresados no citado artigo.

c) Unha copia do estatuto interno do centro.

d) Un organigrama da estrutura organizativa do centro en que figuren os seus principais responsables nas diferentes áreas de formación.

e) Un proxecto docente do centro de formación en que consten os programas de ensino de cada curso e materia que se pretenda impartir. No proxecto determinarase o tipo e volume medio anual do número de alumnos que se prevexa atender e indicarse o profesorado con que contará. Así mesmo, indicaranse os procedementos de que se dispón para manter actualizados os métodos, instrumentos e equipos de formación, incluídos bibliografía sobre formación, programas informáticos e, de ser o caso, documentación proporcionada polo administrador de infraestruturas ferroviarias, e xuntarse o plan previsto para ofrecer xestión de competencias, formación permanente e medidas para manter actualizadas as cualificacións profesionais do seu persoal formador.

f) “Currículum vitae” dos responsables da dirección do centro e das formacións teóricas e prácticas con indicación, entre outros datos, da licenza, certificados, habilitacións e outros títulos e diplomas con que contan, de ser o caso.

g) “Currículum vitae” do resto do persoal instructor con que conte o centro con indicación, entre outros datos, da licenza, certificados, habilitacións e outros títulos e diplomas con que contan, de ser o caso.

h) Copia, de ser o caso, dos convenios subscritos con entidades ferroviarias para realizar as prácticas de conducción cun condutor autorizado ou para utilizar os seus simuladores e equipamentos.

i) Descrición das instalacións que ocupará o centro, cos seus correspondentes planos de detalle e relación xustificada de equipamentos e demais medios materiais de que vaia dispor.

j) Descrición do sistema de xestión interno que describe os procedementos para asegurar o cumprimento dos requisitos legais.

k) Plan de prevención de riscos laborais para o exercicio da súa actividade.

l) Indicación dos sistemas con que se comunicará coa autoridade responsable da seguranza ferroviaria, co administrador de infraestruturas ferroviarias e, de ser o

caso, coas empresas que operen no sector ferroviario para cuxos traballadores prevexa realizar actividades formativas.

m) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de capacidade financeira.

n) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de cobertura de responsabilidade civil.

o) Documentación xustificativa da personalidade xurídica do petionario e, de ser o caso, do representante e do poder con que este actúa.

No suposto de que sexa requirida algunha documentación adicional á disposta neste punto, o solicitante disporá de quince días, desde a data en que esta lle sexa requirida, para presentar a documentación que emende e complete a entregada xunto coa solicitude. A falta de presentación da referida documentación no prazo disposto será motivo suficiente para denegar a solicitude de homologación.

8. As resolucións da autoridade responsable da seguranza esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Transcorrido o prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Todo iso sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Vinte e nove. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 58, que queda redactado como segue:

«3. Sen prexuízo do anterior, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria realizará inspeccións dos centros homologados de formación con carácter anual e cando se teñan dúbidas fundadas de posibles incumprimentos dos requisitos que lles sexan exixibles.»

Trinta. Dáse nova redacción ao punto 6 do artigo 59, que queda redactado como segue:

«6. As resolucións da autoridade responsable da seguranza esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Transcorrido o prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Trinta e un. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 62, que queda redactado como segue:

«3. A persoa que deba someterse ás probas de avaliación psicofísica presentará no centro homologado de recoñecemento médico onde as vaia efectuar unha declaración xurada que conteña os datos sobre o seu estado de saúde, historial médico así como, de ser o caso, medicación prescrita e informes médicos ao respecto, para os efectos de comprobación polo persoal médico facultativo. Nesa declaración constarán, polo menos, os datos reflectidos no anexo VII. Faráselle saber que está na obriga de presentar unha declaración tan completa e precisa como os seus coñecementos destes detalles lle permitan.»

Trinta e dous. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 63 coa seguinte redacción:

«5. Nos certificados cualificarase o persoal dentro das seguintes categorías:

a) Apto: aquel que cumpre todas as condicións psicofísicas previstas nesta orde para obter ou renovar o seu título habilitante.

b) Non apto: aquel que non cumpre todas condicións psicofísicas previstas nesta orde para obter ou renovar o seu título habilitante.

c) Non apto temporal: aquel que non cumpre as condicións psicofísicas previstas na presente orde para obter ou renovar o seu título habilitante, por causa que se pode emendar nun prazo limitado de tempo. Nese caso, poderase someter a unha nova revisión no prazo que indique o médico recoñecedor. Durante ese prazo, o correspondente título habilitante quedará suspendido.»

Trinta e tres. Engádesse un novo artigo 63 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 63 bis. *Recuperación de certificados co resultado de non apto.*

Naqueles supostos en que se emita un certificado co resultado de “non apto”, o interesado poderá solicitar un novo recoñecemento que confirme tal decisión ou que comprobe se as condicións que o motivaron cambiaron. O novo recoñecemento, que se poderá solicitar no mesmo ou noutro centro homologado, deberase axustar ás seguintes condicións:

a) Deberá transcorrer un período mínimo de, polo menos, tres meses entre ambos os recoñecementos.

b) O solicitante estará na obrigaçión de pór de manifesto ao segundo centro a existencia previa dun «non apto» e os motivos que o xustificaron.

No caso de que, como resultado desta segunda avaliación, o centro de recoñecemento médico considerase adecuado cambiar a valoración final a “apto”, deberao pór en coñecemento da autoridade responsable da seguranza ferroviaria para a súa inscrición no Rexistro Especial Ferroviario, así como do primeiro centro que emitiu o certificado co resultado de “non apto’.»

Trinta e catro. O artigo 64 queda redactado como segue:

«Artigo 64. *Validez dos certificados de aptitude psicofísica.*

1. O certificado de aptitude psicofísica para o persoal de condución terá como regra xeral unha validez dun ano desde a data da súa expedición, coa excepción recollida no punto 4.

Non obstante o anterior, o centro homologado de recoñecemento médico poderá prescribir exames de aptitude psicofísica máis frecuentes, se así o exige o estado de saúde do traballador.

Todo isto sen prexuízo dos recoñecementos obrigatorios establecidos no artigo 41.5 desta orde e os que poden solicitar as entidades ferroviarias respecto de traballadores separados do servizo por razóns de seguranza na circulación.

2. O certificado de aptitude psicofísica do resto do persoal ferroviario terá como regra xeral unha validez de 5 anos, coa excepción recollida no punto 4. A partir dos 50 anos o prazo de validez reducirase a tres anos e, a partir dos 60, a un ano. As idades antes referidas teranse en conta no momento de finalización das probas de aptitude psicofísica.

3. O período de validez do certificado de aptitude psicofísica poderá ser reducido, en casos concretos, polo correspondente centro homologado en función dos resultados das probas practicadas.

4. Se a renovación dun certificado se realiza nos trinta días anteriores á súa data de caducidade, a validez do novo certificado estenderase desde a data de caducidade do certificado precedente e durante o período que corresponda en aplicación do especificado nos puntos anteriores.»

Trinta e cinco. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 65, que queda redactado como segue:

«1. Os centros de recoñecemento médico que fosen homologados estarán obrigados a conservar, durante dez anos, os expedientes clínicos persoais de cada

avaliación á disposición da autoridade responsable da seguranza ferroviaria e das entidades públicas empresariais e empresas ferroviarias coas cales establezan convenios. Esta obrigaón poderá ser cumprida por medios electrónicos sempre que quede acreditado suficientemente o contido dos ditos expedientes clínicos. Todo isto sen prexuízo do cumprimento da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.»

Trinta e seis. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 66, que queda redactado como segue:

«2) Os centros deberán proporcionar á autoridade responsable da seguranza ferroviaria tanta información relacionada coa avaliación da capacidade psicofísica de persoal ferroviario lles sexa requirida como consecuencia das actuacións de inspección.

Independentemente do anterior, en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano, os centros presentarán un informe anual das actividades realizadas durante o ano anterior, en que constarán:

a) Información detallada das actividades realizadas, incluíndo os recoñecementos realizados e os resultados de “non aptos”.

b) Descrición daqueles cambios nos seus medios, procedementos ou condicións que serviron de base á súa homologación.

c) Información sobre a aplicación do seu sistema de xestión interno para asegurar a calidade dos recoñecementos e o adecuado funcionamento do centro, en particular sobre:

- Formación continua do persoal e melloras do equipamento.
- Resultados de plans e programas, mediante indicadores do seu cumprimento.
- Resultados de auditorías internas de calidade.»

Trinta e sete. O artigo 68 queda redactado como segue:

«Artigo 68. *Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.*

Cumprirase o requisito de competencia profesional e capacidade técnica cando o centro conte:

a) Cunha estrutura empresarial adecuada para realizar as avaliacións de capacidade psicofísica co debido nivel de calidade, que se acreditará coa documentación que demostre que:

1.º Reúne os requisitos exixidos polas autoridades sanitarias para realizar recoñecementos psicofísicos, informes e avaliacións médicas e psicolóxicas, requiridos para emitir os certificados de valoración de capacidade psicofísica.

2.º Dispón dun director do centro, con experiencia profesional e con título universitario oficial ou título de grao ou máster.

b) O persoal do centro estará integrado como mínimo por:

1.º Un responsable médico do centro, que estea en posesión do título de licenciado en Medicina ou en Medicina e Cirurxía e cunha experiencia de, ao menos, tres anos en avaliación da aptitude nos ámbitos do transporte.

2.º Un responsable psicolóxico do centro que estea en posesión do título de licenciado en Psicoloxía e cunha experiencia de, ao menos, tres anos en avaliación da aptitude psicolóxica nos ámbitos do transporte.

3.º Persoal capacitado e en número suficiente para recoñecer e avaliar a capacidade psicofísica. Para tal efecto, no cadro de persoal do centro deberá existir, como mínimo, un licenciado en Medicina ou en Medicina e Cirurxía, que poderá coincidir co responsable médico do centro, un licenciado en Psicoloxía, que poderá coincidir co responsable psicolóxico do centro e un diplomado universitario en Enfermaría. En canto ao resto do persoal se refire, o centro poderá ter establecido acordos con médicos e laboratorios de análises clínicas, así como con calquera centro médico ou gabinete psicolóxico.

c) Medios e, de ser o caso, instalacións adecuadas e en número suficiente para exercer a actividade para a cal se solicita a homologación. Considerarase que o centro cumpre este requisito se dispón de:

1.º Instalacións adecuadas para a súa finalidade, con estándares suficientes de calidade, validados mediante a obtención da debida autorización sanitaria.

2.º Os medios materiais e aparellos necesarios para a realización das probas médicas requiridas para avaliar os requisitos da presente orde, incluíndo os test de probas necesarios para o recoñecemento psicolóxico.

3.º Un sistema de arquivamento adecuado para a documentación relativa ao seu persoal e ás avaliacións de capacidade psicofísica que realicen.

d) Un sistema de xestión interna, que garanta que a prestación dos servizos que subministra ao sistema ferroviario é conforme, ao menos, coas normas e requisitos fixados nas normas europeas e nacionais que os regulan.»

Trinta e oito. Engádense dúas novas alíneas ñ) e o) ao punto 2 do artigo 70 e modifícase o punto 7, que quedan redactados como segue:

«ñ) Descrición do sistema de xestión interno dos procedementos para asegurar o cumprimento dos requisitos legais.

o) Plan de formación continua acreditada dos médicos e psicólogos do centro, incluíndo a súa especialización nas materias do ámbito do transporte.

7. As resolucións da autoridade responsable da seguranza esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Trinta e nove. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 71, que queda redactado como segue:

«3. Sen prexuízo do anterior, a autoridade responsable da seguranza ferroviaria realizará inspeccións dos centros con carácter anual e cando se teñan dúbidas fundadas de posibles incumprimentos dos requisitos que lles sexan exixibles.»

Corenta. Modifícase o punto 6 de artigo 72, que queda redactado como segue:

«6. As resolucións da autoridade responsable da seguranza esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso é dun mes. Transcorrido ese prazo sen se ditar resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Corenta e un. Dáse nova redacción aos puntos 1 e 2 da disposición adicional terceira, que quedan redactados como segue:

«1. As licenzas de maquinistas en vigor expedidas polos demais Estados membros da Unión Europea de conformidade coa normativa comunitaria serán válidas no Estado español. Por razóns de seguranza na circulación deberán acreditar o requisito de coñecemento do idioma castelán correspondente ao nivel B1, do acordo co disposto na Directiva 2014/82/UE, da Comisión, do 24 de xuño de 2014, que modifica a Directiva 2007/59/CE do Parlamento e do Consello, no que respecta aos coñecementos profesionais xerais, aos requisitos médicos e ás prescricións relativas á licenza.

2. A acreditación do coñecemento do idioma castelán a que se refire o punto anterior poderá realizarse, entre outras formas, mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido ou a través dun certificado expedido por un centro homologado de formación de persoal ferroviario. Para isto, os centros homologados de formación poderán realizar aos interesados probas de avaliación que permitan comprobar as súas competencias lingüísticas no campo ferroviario, caso en que a proba se realizará mediante un examinador recoñecido especificamente no dito ámbito.»

Corenta e dous. A disposición adicional sexta queda redactada como segue:

«Disposición adicional sexta. *Controis para detectar o consumo de alcohol e indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicactivas.*

1. Nas probas iniciais ou periódicas dos certificados de aptitude psicofísica que se efectúen nos centros de recoñecemento médico homologados, para a obtención e conservación da eficacia dos títulos habilitantes que o requiran, tal e como se establece nesta orde, realizaranse, dentro destas, probas específicas para detectar o consumo de alcohol e indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicactivas. Para isto, o persoal subscribirá un consentimento informado cuxo contido mínimo será o do modelo do anexo VIII.

2. O Ministerio de Fomento, xa sexa directamente ou a través do organismo cualificado que determine, no exercicio das súas facultades de inspección das actividades ferroviarias que lle confire o artigo 86 da Lei do sector ferroviario e en materia de investigación de accidentes recollidas no Regulamento do sector ferroviario, poderá ordenar, cando así o considere, a realización de controis para detectar o consumo de alcohol e indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicactivas do persoal das categorías suxeitas a esta orde.

3. Os administradores de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias, dentro dos procedementos dos seus sistemas de xestión da seguranza, para dar cumprimento á normativa regulamentaria sobre seguranza na circulación ferroviaria e en materia de inspección e investigación dos accidentes e incidentes en que se vexan involucrados, programarán e realizarán controis aleatorios para detectar taxas de alcoholemia e drogas de abuso e substancias psicactivas entre todo o persoal habilitado por eles.

Estes controis deberán realizarse ao persoal de circulación, de infraestrutura, de condución e de operacións do tren que se regula nesta orde, no exercicio da súa actividade profesional.

Os procedementos antes citados establecerán qué persoal está autorizado para realizar as probas de control e a cualificación precisa.

4. O resultado obtido tras a realización das probas para detectar o consumo de alcohol considerarase positivo cando este supere as taxas de alcoholemia máximas establecidas na disposición adicional décimo primeira do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.

5. O resultado obtido tras realizar as probas para detectar o consumo de drogas de abuso e substancias psicotivas considerarase positivo se existen indicios analíticos desas substancias.

As entidades ferroviarias controlarán, ao menos, as substancias seguintes: anfetaminas, benzodiazepinas, cocaína, metanfetamina, opiáceos e cánnabis.

Para isto empregaranse as matrices biolóxicas de saliva-fluído oral en primeira instancia e mediante análise cromatográfica como método de confirmación. Adicionalmente, o persoal poderá solicitar unha proba de contraste adicional consistente en análise de sangue.

6. En calquera dos casos expresados no punto anterior, e para garantir ao interesado a identidade da mostra biolóxica analizada e a idoneidade do resultado obtido, establecerase un procedemento de cadea de custodia das mostras biolóxicas e acordarase co laboratorio de análises clínicas realizar a todas as mostras que resulten positivas unha segunda proba que se considera de confirmación, e que se efectuará cun método analítico de confirmación, de maior sensibilidade, capaz de validar os resultados obtidos. No informe final do laboratorio deberase precisar a técnica utilizada e a concentración da substancia ou substancias detectadas.

7. Se o resultado dunha das probas permite detectar que se excede a taxa máxima de alcohol establecida no Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, ou que existen indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e/ou substancias psicotivas, procederase da seguinte forma:

a) Nas probas de valoración de capacidade psicofísica, o suxeito será valorado coa consideración de non apto ou non apto temporal.

b) Nos controis aleatorios, aplicarase o previsto no articulado desta orde, para cada caso, en cada un dos títulos habilitantes que teña a persoa sometida a este control.»

Corenta e tres. Engádesse unha nova disposición adicional décimo terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Validación de requisitos académicos para acceso a certificados de condución de categoría B ao persoal con licenzas procedentes da troca doutros títulos habilitantes.*

O persoal de condución con licenza e certificado de categoría A procedente dun proceso de troca dun título dos establecidos na Orde FOM 2520/2006 ou dunha autorización para conducir pola rede de largo métrico da extinta FEVE, pero que non dispoña da titulación académica de bacharel ou técnico de grao medio ou equivalente para efectos laborais, que pretenda acceder a un certificado de categoría B, terá que acreditar o desempeño, durante ao menos catro anos, das funcións amparadas por un certificado de condución de categoría A.»

Corenta e catro. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Medicamentos que poden perturbar ou diminuír as facultades psicofísicas do persoal de condución ou circulación.*

1. Será responsabilidade do persoal referido pór en coñecemento dos facultativos que lle vaian prescribir un tratamento médico as exixencias das súas funcións no seu posto de traballo e solicitar que quede constancia no seu historial médico, para que os facultativos valoren a súa compatibilidade coa medicación prescrita.

Os facultativos deberán ter en conta as exixencias do posto de traballo do persoal ferroviario antes de prescribir medicamentos, para poder decidir se estes se

poden substituír por outros ou se a persoa non pode levar a cabo a súa tarefa habitual. Como referencia, evítanse todos aqueles que fosen cualificados como susceptibles de “reducir a capacidade de conducir ou manexar maquinaria” pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e que inclúan a correspondente advertencia no seu prospecto e un símbolo específico na súa cartonaxe exterior, conforme o Real decreto 1345/2007, do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e condicións de dispensación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente.

2. As entidades, dentro dos procedementos dos seus sistemas de xestión da seguraza, programarán actividades formativas e de concienciación sobre o uso responsable dos medicamentos.

En particular, disporán de medidas de control para evitar en todo caso o desempeño das actividades baixo os efectos das substancias recollidas no punto 1 do anexo IX.

Para isto, simultaneamente aos controis para detectar o consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psioactivas, que se detallan na disposición adicional sexta, realizarán o control de, ao menos, os principios activos que poden afectar o rendemento, que se relacionan no punto 2 do anexo IX desta orde.»

Corenta e cinco. Engádesse unha nova disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *Probas de avaliación psicolóxica para recoñecementos psicofísicos de persoal de condución.*

1. O Ministerio de Fomento, directamente ou a través dun organismo cualificado, desenvolverá, no prazo dun ano, as ferramentas de valoración da capacidade psicolóxica para persoal de condución que empregarán os centros homologados de recoñecemento psicofísico.

2. Nese caso, eses centros terán obrigación de confidencialidade sobre esas probas e de realizar un uso correcto e adecuado delas. Un incumprimento desa obrigación pode supor a revogación da súa homologación como centro de recoñecemento médico.

3. En ausencia desas probas, a autoridade responsable da seguraza ferroviaria poderá emitir recomendacións interpretativas acerca dos rangos adecuados para valorar as diferentes variables psicolóxicas.»

Corenta e seis. A disposición transitoria segunda queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ao persoal e aos centros que prestaban os seus servizos na entidade pública empresarial Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE) no momento da súa extinción.*

1. O persoal autorizado pola entidade FEVE no momento da súa extinción, 31 de decembro de 2012, para realizar actividades relacionadas coa seguraza na circulación sobre a rede ferroviaria de interese xeral de largo métrico, entenderase autorizado para seguir desempeñando esas funcións, en virtude do establecido na letra e) da disposición adicional octoxésimo novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

2. Para efectos de que ese persoal dispoña da acreditación correspondente en función da presente orde, establécese o seguinte proceso de recoñecemento:

a) Para o persoal de condución:

A autoridade responsable da seguraza ferroviaria, logo de acreditación por parte das entidades ferroviarias de que o persoal se encontraba suxeito ás condicións do punto 1, emitirá unha licenza de maquinista e un diploma sobre

aqueles coñecementos de entre os xerais descritos no artigo 40.2.a), necesarios para o certificado de condución de categoría B, que se poden considerar automaticamente acreditados polas funcións desempeñadas na rede de largo métrico.

Este diploma será persoal, non requirirá vinculación laboral do solicitante a unha entidade ferroviaria, non caducará nos supostos de baixa laboral nunha entidade ferroviaria e manterá a súa vixencia sempre que se superen os cursos de reciclaxe a que se refire o artigo 40.8.

Á vista do citado diploma acreditativo da autoridade responsable da seguranza ferroviaria e da formación que, de ser o caso, cada entidade considere pertinente sobre o sistema de xestión da seguranza propio, as entidades ferroviarias poderán emitir un certificado categoría B limitado exclusivamente no seu ámbito á rede de largo métrico. Nel incluíranse os vehículos e as liñas para os cales estivese autorizado na extinta FEVE.

Para obter un certificado de categoría B que lles permita o exercicio no resto da rede, deberán realizar un curso complementario que complete a súa formación cos contidos do resto da rede e cuxo itinerario se definirá mediante a resolución da autoridade responsable da seguranza ferroviaria definida na disposición adicional sétima.

Estes certificados de categoría B de ámbito restrinxido á rede de largo métrico serán exclusivos para o persoal suxeito a esta disposición e extinguíranse cando o maquinista cese a súa actividade profesional ou culmine o proceso para obter un certificado de categoría B sen restricións.

Este proceso de recoñecemento deberá estar concluído antes dun ano desde a publicación da presente orde.

b) Para o resto do persoal que exerce funcións de seguranza, os administradores de infraestrutura e as empresas ferroviarias emitirán os títulos habilitantes, de entre os previstos nesta orde, que poidan considerar equivalentes ás funcións autorizadas na extinta FEVE. Neste caso, o proceso de recoñecemento deberá estar concluído antes dun ano desde a publicación da presente orde.

3. Exclusivamente dentro deste proceso de recoñecemento de títulos habilitantes, ao persoal suxeito a esta disposición consideraráselle validado o cumprimento dos requisitos de nivel académico mínimo previstos nesta orde para poder acceder á formación.

En canto aos criterios psicofísicos recollidos nesta orde, o persoal si estará suxeito ao seu cumprimento, que deberá acreditarse previamente á emisión dos novos títulos habilitantes.

4. A partir da emisión dos novos títulos habilitantes, eses documentos suxeitaranse ás condicións de validez, suspensión e revogación establecidas, en cada caso, nesta orde.

5. En relación cos centros de recoñecemento psicofísico e de formación que na data do 31 de decembro de 2012 estivesen prestando os ditos servizos para a rede de largo métrico, consideraranse autorizados para continuar exercendo as encomendas desta orde en relación con esa rede.

Non obstante, eses centros deberán solicitar á autoridade responsable da seguranza a correspondente homologación antes de que transcorran seis meses desde a entrada en vigor da presente orde, de acordo co procedemento previsto nela. No caso de que os centros de recoñecemento psicofísico e de formación que estivesen prestando servizos para a rede de largo métrico se integrasen noutros previamente homologados, deberase solicitar a correspondente ampliación de homologación no mesmo prazo.»

Corenta e sete. Modifícase a disposición transitoria terceira, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria terceira. *Habilitacións de auxiliar de cabina.*

1. A habilitación de auxiliar de cabina prevista no artigo 19.1.d) desta orde non será exixible até que non se cree a figura do auxiliar de cabina na normativa de circulación ferroviaria a que se fai referencia na disposición adicional décimo cuarta da Lei 39/ 2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

2. O persoal que nese momento estea autorizado polas empresas ferroviarias para exercer funcións similares ás do auxiliar de cabina mencionado na presente orde poderá ser autorizado por estas para seguir desempeñando tales funcións.

Non obstante, no prazo dun ano, as empresas ferroviarias deberán emitir a documentación acreditativa correspondente da habilitación, logo de acreditación dos requisitos psicofísicos recollidos nesta orde e da correspondente formación complementaria de reciclaxe e adecuación dos seus coñecementos teóricos e prácticos.

Eses documentos estarán suxeitos ás condicións de validez, suspensión e revogación establecidas nesta orde.

3. Dentro deste proceso de recoñecemento de títulos habilitantes, ao persoal suxeito a esta disposición consideraráselle validado o cumprimento dos requisitos de nivel académico mínimo previstos nesta orde para poder acceder á formación, en virtude da súa experiencia profesional acumulada e dos procesos de formación continua nas empresas ferroviarias.»

Corenta e oito. Modifícase a disposición transitoria cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Habilitacións de responsable de operacións de carga.*

1. A exixencia do título habilitante de responsable de operacións de carga terá lugar un ano despois da entrada en vigor desta orde.

2. Durante ese ano o persoal que no momento de entrada en vigor desta orde estea autorizado polas empresas ferroviarias a exercer funcións de cargador, conforme a redacción inicial da Orde 2872/2010, poderá ser habilitado por tales empresas como responsable de operacións de carga nos seguintes supostos:

a) Mediante a acreditación dunha experiencia mínima de dous anos como cargador.

b) Logo da superación dun curso de formación específico.

En ambos os casos, considerarase validado o cumprimento dos requisitos de nivel académico mínimo previstos para acceder á formación da habilitación de responsable de operacións de carga.»

Corenta e nove. A disposición transitoria oitava queda redactada como segue:

«Disposición transitoria oitava. *Vixencia temporal do título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo.*

O título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para obter títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguranza, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica, manterá a súa vixencia até o día 11 de xaneiro de 2019, data na cal será substituído polo título VI da presente orde, todo isto de conformidade co calendario establecido na disposición derradeira terceira.

Non obstante o anterior, aplicaranse aos títulos de condución recollidos na citada Orde 2520/2006 os requisitos establecidos na presente orde en relación cos programas de formación e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos e cos seus períodos de vixencia, así como en relación cos requisitos psicofísicos do persoal de condución, e os períodos de vixencia dos correspondentes recoñecementos.

Tamén se considerará que o título de condución A recollido na Orde 2520/2006 faculta para as mesmas funcións que o certificado de categoría A que se establece no artigo 38.1 da presente orde, sempre que se complemente coas debidas habilitacións.»

Cincuenta. Engádesse unha nova disposición transitoria décima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décima. *Prazos de vixencia de reciclaxes formativas e de recoñecementos psicofísicos de persoal de condución.*

Todas aquelas reciclaxes formativas ou recoñecementos psicofísicos vixentes no momento de entrada en vigor da presente orde seguirán estándose até que finalice o seu período de vixencia inicialmente establecido.»

Cincuenta e un. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Validez da homologación dos centros de recoñecemento psicofísico.*

Os centros médicos homologados no momento de entrada en vigor desta orde manterán válida a súa homologación até a data da súa próxima renovación, momento en que deberán acreditar o cumprimento dos novos requisitos introducidos con esta orde, en especial os relativos ao responsable médico do centro.»

Cincuenta e dous. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Axencia Estatal de Seguranza Ferroviaria.*

Mentres non se poña en funcionamento a Axencia Estatal de Seguranza Ferroviaria a que se refire o parágrafo quinto do punto 1 da disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as funcións de autoridade responsable da seguranza ferroviaria serán realizadas pola Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento, de acordo co disposto na disposición transitoria oitava da Lei do sector ferroviario e no artigo 2.v) do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

As resolucións que dite a Dirección Xeral de Ferrocarrís ao abeiro da presente orde non porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso de alzada, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Cincuenta e tres. Modifícase o punto 1.c.1 da disposición derradeira terceira, que queda redactado como segue:

«c.1. Títulos de condución de categoría A e habilitacións de condución correspondentes. Nun prazo de 6 meses a partir da entrada en vigor da presente orde trocaranse os títulos de condución de categoría A e as habilitacións de condución polas correspondentes licenzas de maquinista e certificados de categoría

A, acordes coa presente orde. Este proceso deberá estar concluído no prazo dun ano desde a citada entrada en vigor.»

Cincuenta e catro. Engádese unha nova disposición derradeira quinta coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira quinta. *Modificación de denominación.*

1. Todas as referencias da presente orde á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias deberán entenderse realizadas á autoridade responsable da seguranza ferroviaria.

2. Todas as referencias feitas ao administrador de infraestruturas ferroviarias na orde entenderanse realizadas aos administradores de infraestruturas ferroviarias.»

Cincuenta e cinco. Engádese unha nova disposición derradeira sexta coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.»

Cincuenta e seis. Engádese unha nova disposición derradeira sétima coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira sétima. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade.»

Cincuenta e sete. Modifícase o anexo III, que queda redactado como segue:

«ANEXO III

Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de operacións do tren

Requisitos xerais

Non deberán padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

- Perda repentina da conciencia.
- Diminución da atención ou concentración.
- Incapacidade repentina.
- Perda do equilibrio ou da coordinación.
- Limitación significativa da mobilidade.

1. Para o caso do auxiliar de operacións do tren.

Visión:

a) Agudeza visual de lonxe: 0,700 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión de lonxe).

- b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.
- c) Máxima corrección permitida; hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.
- d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan lentes coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.
- e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.
- f) Outras condicións:
 - 1.º Visión binocular presente.
 - 2.º Sentido luminoso normal.
 - 3.º Campo visual completo.
 - 4.º Integridade dos ollos e os seus anexos.
 - 5.º Fusión presente.
 - 6.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.
 - 7.º En caso de implantes oculares e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer ao menos seis meses para ser valorado de novo e, en todo caso, deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.
 - 8.º No caso de que no alcance da habilitación se inclúa a realización de manobras, sentido cromático normal co test de Ishihara e, se for necesario, confirmado con outra proba.

Audición:

- a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.
- b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media: calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións:

Non superar os 45 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 50 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 40 dB H.L.

2.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 65 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 75 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 55 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

- 1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.
- 2.º Non padecer anomalías do sistema vestibular.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguranza establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

- a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).
- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

2. Para operador de vehículos de manobras.

Visión:

a) Agudeza visual de lonxe: 0,800 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,500 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión de lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida; hipermetropía +5 dioptrías/ miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Visión binocular presente.

2.º Sentido cromático normal co test de Ishihara e, se for necesario, confirmado con outra proba.

3.º Tempo de resposta ao cegamento normal.

4.º Sentido luminoso normal.

5.º Visión estereoscópica normal.

6.º Campo visual completo.

7.º Integridade dos ollos e dos seus anexos.

8.º Fusión presente.

9.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

10.º En caso de implantes oculares e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer ao menos seis meses para ser valorado de novo e, en todo caso, deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media: calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións:

Non superar os 40 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 45 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 30 dB H.L.

2.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías do sistema vestibular.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguranza establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

3. Para o caso do auxiliar de cabina.

Requisitos xerais:

Na valoración dos requisitos xerais, teranse en conta as circunstancias excepcionais en que pode ser preciso o persoal habilitado desta categoría, así como as posibles medidas alternativas implantadas na regulamentación e nos sistemas de xestión da seguranza en caso da súa ausencia.

Visión:

a) Agudeza visual de lonxe: 0,700 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión de lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida; hipermetropía +5 dioptrías/ miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Visión binocular presente.

2.º Sentido luminoso normal.

3.º Campo visual completo.

4.º Integridade dos ollos e os seus anexos.

5.º Fusión presente.

6.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

7.º En caso de implantes oculares e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer ao menos seis meses para ser valorado de novo e, en todo caso, deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Sentido cromático normal co test de Ishihara e, se for necesario, confirmado con outra proba.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica ou presencial a unha distancia media de 4 metros ou 2 metros no lado peor e ser capaz de oír tonalidades de alerta, sons de alarma, avisos das ferramentas de traballo habituais do contorno e mensaxes de radio.

b) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías do sistema vestibular.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguranza establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- d) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).»

Cincuenta e oito. Modifícase o anexo IV, que queda redactado como segue:

«ANEXO IV

Condicións de capacidade psicofísica para certificar a valoración de aptitude do persoal de condución

IV.1) Condicións de capacidade psicofísica

Os criterios de avaliación da capacidade psicofísica no persoal de condución terán o obxectivo de descartar posibles deficiencias, limitacións, perdas das funcións sensoriais, cognitivas e motoras que poidan desencadear, de maneira súbita ou progresiva, incapacidade para desenvolver as tarefas de condución con seguranza.

IV.1.1) Requisitos xerais:

De maneira xeral, non se deberá padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

- Perda repentina da conciencia.
- Diminución da atención ou concentración.
- Incapacidade repentina.
- Perda do equilibrio ou da coordinación.
- Limitación significativa da mobilidade.

IV.1.2) Visión:

- a) Agudeza visual de lonxe, con ou sen corrección: 1,0; mínimo 0,5 para o ollo de menor visión.
- b) Lentes de contacto correctoras máximas: hipermetropía +5, miopía –8. Autorizaranse excepcións en casos especiais e tras ditame dun oftalmólogo. A decisión última corresponderá ao médico.
- c) Visión próxima e intermedia: suficiente, con ou sen corrección.
- d) Autorízanse as lentes de contacto e as gafas sempre que sexan sometidas ao control periódico dun especialista.
- e) Visión de cores normal: utilización dunha proba recoñecida, como a de Ishihara, complementada con outra proba recoñecida, en caso necesario.
- f) Campo de visión: completo.
- g) Visión polos dous ollos: efectiva.
- h) Visión binocular: efectiva.
- i) Recoñecemento de sinais das cores: a proba deberase basear no recoñecemento de cores por separado e non de diferenzas relativas.
- j) Sensibilidade ao contraste: boa.
- k) Ausencia de enfermidades dexenerativas do ollo.
- l) Só se permitirán implantes oculares, queratotomías e queratectomías coa condición de que sexan obxecto de recoñecemento a intervalos anuais ou segundo a periodicidade decidida polo médico.
- m) Capacidade de resistencia ao cegamento; non deben existir alteracións significativas na capacidade de recuperación ao cegamento nin alteracións da visión mesópica.
- n) Non están autorizadas as lentes de contacto de cor nin as lentes fotocromáticas. Autorízanse as lentes con filtro UV.

IV.1.3) Audición e conversa:

a) Audición suficiente, confirmada por un audiograma, isto é: audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1. A perda auditiva non deberá ser superior a 40 dB a 500 e 1.000 Hz en cada un dos oídos.

2. A perda auditiva non deberá ser superior a 45 dB a 2.000 Hz para o oído de peor condución aérea.

3. Perda aos 4.000 Hz. A perda a 4000 Hz non superará os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB. H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1. Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2. Ningunha anomalía do sistema vestibular. Non deben existir alteracións do equilibrio (vertixes, inestabilidade, mareo, vaído) permanentes, evolutivas ou intensas, xa sexan de orixe otolóxica ou doutro tipo.

3. En casos especiais, está permitido o uso de próteses auditivas.

IV.1.4) Sistema locomotor:

Estado anatómico e funcional do sistema locomotor que permita a realización correcta das tarefas do seu posto de traballo.

IV.1.5) Aparello respiratorio:

a) Non padecer enfermidade obstrutiva crónica mal controlada.

Non deben existir trastornos pulmonares, pleurais, diafragmáticos e mediastínicos que determinen incapacidade funcional. Valorarase o trastorno e a evolución da enfermidade, tendo especialmente en conta a existencia ou posibilidade de aparición de crises de dispnea paroxística, dor torácica intensa ou outras alteracións que poidan influír no exercicio seguro das tarefas de maquinista.

b) Non padecer apnea do sono non controlada adecuadamente. Será preciso presentar informe favorable dun especialista que acredite que a afección non interfere no exercicio seguro das tarefas de maquinista.

IV.1.6) Sistema cardiovascular:

a) Non padecer cardiopatías nin vasculopatías descompensadas nin miocardiopatías isquémicas en calquera das súas formas. En todo caso, en relación con calquera afección que poida interferir no exercicio seguro das tarefas de maquinista deberá presentar informe dun especialista en cardioloxía.

b) Non padecer alteracións do ritmo cardíaco sintomáticas e, en todo caso, calquera afección que poida interferir no exercicio seguro das tarefas de maquinista; deberá presentar informe dun especialista en cardioloxía.

c) As cifras de tensión arterial non superarán: a sistólica os 140 mm Hg e a diastólica os 90 mm Hg.

d) Non padecer trombozes, embolias nin trastornos isquémicos periféricos grao II ou superior de Fontaine.

e) Non está permitido o uso de marcapasos nin cardioversores implantados.

IV.1.7) Sistema nervioso:

a) Non padecer afeccións que cursen con ataques convulsivos, tremores, incoordinación de movementos, trastornos da marcha, perdas bruscas de coñecemento ou alteracións do nivel de consciencia.

Os afectados de ataques isquémicos transitorios deberán presentar informe favorable dun especialista en neuroloxía en que se faga constar a ausencia de secuelas neurolóxicas.

Non deben existir accidentes isquémicos recorrentes.

b) Non padecer epilepsia en ningunha das súas formas.

c) Non deben existir alteracións do equilibrio (vertixes, inestabilidade, mareo, vaído) permanentes, evolutivas ou intensas, xa sexan de orixe otolóxica ou doutro tipo.

IV.1.8) Sistema endócrino:

a) Non padecer diabetes insulino dependente nin diabetes tipo II con afectación sistémica ou mal controlada:

Non debe existir diabetes tipo II que curse con inestabilidade metabólica que requira asistencia hospitalaria.

Os afectados de diabetes tipo II que precisen tratamento farmacolóxico deberán presentar informe dun especialista en endocrinoloxía en que conste o control adecuado da enfermidade e a ausencia de hipoglicemias co tratamento prescrito.

IV.1.9) Psiquiatría:

a) Non padecer enfermidade mental. Non se deberá ter diagnóstico clínico de calquera enfermidade ou incapacidade psiquiátrica ou afección, aguda ou crónica, conxénita ou adquirida, que poida interferir co exercicio seguro das atribucións correspondentes á licenza de maquinista.

b) Non padecer enfermidade alcohólica crónica.

IV.1.10) Consumo de drogas e medicamentos. Non presentar indicios analíticos de consumo de drogas de abuso.

a) Non estar baixo tratamento con substancias psicactivas capaces de alterar o nivel de consciencia, a capacidade de concentración, de vixilancia, o comportamento, o equilibrio, a coordinación ou a mobilidade.

IV.1.11) Embarazo:

Deberán aplicarse as disposicións legais de protección das maquinistas embarazadas. En casos de mala tolerancia ou patoloxía, o embarazo poderá ser considerado como unha causa provisional e transitoria de exclusión da maquinista.

IV.1.9) Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguranza establecerase con base na avaliación das seguintes áreas:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

a.1) Capacidade de control e xestión dos recursos cognitivos e atencionais suficiente, cun rendemento superior ao punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia para, ao menos, as seguintes tarefas:

1. Funcións executivas. Rendemento en tarefas de actualización, monitorización e alternancia.

2. Concentración. Rendemento en tarefas de atención sostida e vixilancia psicomotora.

a.2) Capacidade cognitiva xeral e aptitude viso-espacial suficiente, cun rendemento superior ao punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia para, ao menos, as seguintes tarefas:

1. Aptitude espacial dinámica. Rendemento en tarefas de orientación e percepción de velocidade relativa.

2. Memoria. Rendemento en tarefas amplitude de memoria a curto prazo viso-espacial e verbal.

b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora). Velocidade de reacción e procesamento e capacidade de coordinación suficientes, cun rendemento superior ao punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia para, ao menos, as seguintes tarefas:

1. Coordinación psicomotora. Rendemento en tarefas de coordinación manual ou bimanual.

2. Velocidade de reacción. Rendemento en tarefas de tempo de reacción múltiple ou múltiple con discriminación.

c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

c.1) Ausencia de patróns de comportamento inestables, con tendencia ao risco e á busca de sensacións. Puntuacións por debaixo do punto de corte establecido nas probas de referencias para, ao menos, os seguintes trazos:

1. Busca de sensacións. Avaliada mediante, ao menos, unha proba condutual obxectiva.

2. Tendencia ao risco. Avaliada mediante, ao menos, unha proba condutual obxectiva.

3. Percepción de control. Avaliada mediante, ao menos, unha proba condutual obxectiva.

4. Estabilidade emocional. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme.

c.2) Presenza de patróns de comportamento organizados, con elevada orientación ao logro e cordialidade no trato e na comunicación. Puntuacións por encima do punto de corte establecido nas probas de referencias para, ao menos, os seguintes trazos:

1. Amabilidade. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de auto-informe.

2. Responsabilidade. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme.

c.3) Psicopatoloxía. Ausencia de síntomas ou indicadores de risco para as patoloxías con efectos sobre a atención e a vixilancia, con puntuacións en escalas de valoración de síntomas por debaixo do punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia nas seguintes dimensións:

1. Psicoticismo. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

2. Alteración do estado de ánimo. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

3. Ansiedade. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

4. Trastornos do sono. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

IV.2) Contidos mínimos do recoñecemento inicial

IV.2.1) Recoñecementos médicos.

Os recoñecementos deberán incluír, como mínimo:

- a) Recoñecemento médico xeral.
- b) Exame de funcións sensoriais (visión, audición, percepción de cores).
- c) Análises de sangue e ouriños, con busca, entre outras cousas, da *diabetes mellitus*, na medida en que sexan necesarias para valorar a aptitude física do candidato.
- d) Electrocardiograma (ECG) en repouso.
- e) Detección de substancias psicotrópicas como drogas ilícitas ou tratamento médico psicotrópico e o consumo de alcohol que cuestionen a aptitude para o traballo.

IV.2.2) Capacidade psicolóxica e exames psicolóxicos:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguranza establecerase a partir da avaliación das seguintes aptitudes:

- a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).
- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

O obxectivo dos exames psicolóxicos é axudar na designación e xestión do persoal ferroviario. Na determinación do contido da avaliación psicolóxica, o exame deberá avaliar que o aspirante ou persoal ferroviario non revela deficiencias psicolóxicas, en particular en aptitudes operativas ou en calquera factor pertinente da personalidade que poidan afectar a execución segura das súas funcións.

Na avaliación psicolóxica poderán utilizarse, ademais, exercicios de test.

En todo caso, as probas de referencia para a valoración de capacidade psicolóxica terán que cumprir os seguintes requisitos:

1. Propiedades psicométricas adecuadas.
2. Adaptación de contidos (lingüística e cultural).
3. Calibración e baremación con mostra española.
4. Capacidade probada de discriminación (sensibilidade e especificidade) con respecto á fiabilidade na conducción.

IV.3) Contidos mínimos dos recoñecementos psicofísicos periódicos

IV.3.1) Recoñecementos médicos.

Os recoñecementos periódicos deberán incluír, como mínimo:

- a) Recoñecemento médico xeral.
- b) Exame de funcións sensoriais (visión, audición, percepción de cores);
- c) Análises de sangue e ouriños para a detección de *diabetes mellitus* e outros estados que indique o exame clínico.
- d) Detección de substancias psicotrópicas como drogas ilícitas ou tratamento médico psicotrópico e o consumo de alcohol.

e) Realizarase, ademais, un ECG en repouso aos maquinistas maiores de 40 anos.

IV.3.2) Valoración da capacidade psicolóxica.

Os recoñecementos periódicos deberán incluír, cunha frecuencia non inferior a un ano, a valoración da capacidade psicolóxica, ao menos, nas seguintes áreas:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación). Capacidade cognitiva e atencional suficiente, cun rendemento superior ao punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia para, ao menos, as seguintes tarefas:

1. Funcións executivas. Rendemento en tarefas de actualización, monitorización e alternancia.

2. Concentración. Rendemento en tarefas de atención sostida e vixilancia psicomotora.

b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora). Velocidade de reacción e procesamento e capacidade de coordinación suficiente, cun rendemento superior ao punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia para, ao menos, as seguintes tarefas:

1. Coordinación psicomotora. Rendemento en tarefas de coordinación manual ou bimanual.

2. Velocidade de reacción. Rendemento en tarefas de tempo de reacción múltiple ou múltiple con discriminación.

c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

c.1) Ausencia de patróns de comportamento inestables, con tendencia ao risco e á busca de sensacións. Puntuacións por debaixo do punto de corte establecido nas probas de referencia para ao menos os seguintes trazos:

1. Tendencia ao risco. Avaliada mediante, ao menos, unha proba condutual obxectiva.

2. Percepción de control. Avaliada mediante, ao menos, unha proba condutual obxectiva.

c.3) Psicopatoloxía. Ausencia de síntomas ou indicadores de risco para as patoloxías con efectos sobre a atención e a vixilancia, con puntuacións en escalas de valoración de síntomas por debaixo do punto de corte establecido nas especificacións das probas de referencia, nas seguintes dimensións:

1. Psicoticismo. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

2. Alteración do estado de ánimo. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

3. Ansiedade. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

4. Trastornos do sono. Avaliada mediante, ao menos, unha proba de autoinforme ou entrevista estruturada.

Utilizaranse preferentemente os test de valoración de capacidade psicolóxica incluídos na batería de probas de referencia.»

Cincuenta e nove. Modifícase o anexo V, que queda redactado como segue:

«ANEXO V

Programa de formación e probas de avaliación de maquinistas

V.1) Programa de formación.

V.1.1) Principios xerais.

V.1.2) Coñecementos profesionais e prescricións relativas ás licenzas.

V.1.2.1) Obxectivos xerais da formación da licenza.

V.1.2.2) Coñecementos profesionais para a formación da licenza.

V.1.2.3) Formación práctica.

V.1.3) Coñecementos profesionais e prescricións relativas aos certificados.

V.1.3.1) Coñecementos profesionais xerais comúns.

V.1.3.1.1) Coñecementos relativos a material rodante.

V.1.3.1.2) Coñecementos relativos a infraestrutura.

V.1.3.1.3) Formación práctica.

V.1.3.2) Coñecementos profesionais específicos.

V.1.3.2.1) Coñecementos relativos a material rodante.

V.1.3.2.2) Coñecementos relativos a infraestrutura.

V.1.3.3) Coñecementos sobre o sistema de xestión da seguranza da entidade ferroviaria.

V.1.3.4) Coñecementos lingüísticos.

V.2) Probas de avaliación.

V.3) Programa de formación dos cursos de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos dos certificados.

V.1) Programa de formación

V.1.1) Principios xerais.

Con carácter xeral, o programa de formación gardará un correcto equilibrio entre a formación teórica (aula e demostracións) e práctica (experiencia de traballo, condución con supervisión e condución sen supervisión en vía bloqueada da rede ferroviaria de interese xeral con fins de formación).

Será posible a formación asistida por ordenador para a aprendizaxe individual das normas de explotación, situacións de sinalización, etc., así como a utilización de simuladores, especialmente para a recreación e situacións degradadas.

Polo que respecta á adquisición de coñecementos sobre unha liña, poderase considerar o sistema en que un maquinista vaia acompañado por outro maquinista durante un número adecuado de traxectos ao longo desa liña; será posible utilizar como métodos de formación alternativos, entre outros, gravacións dos itinerarios realizadas desde a cabina do maquinista.

O obxectivo da “formación sobre coñecementos xerais” é proporcionar coñecementos xerais sobre todos os aspectos que son relevantes para a profesión de maquinista. A formación a este respecto centrarase nos coñecementos e principios básicos que son aplicables, independentemente do tipo e da natureza do material rodante ou da infraestrutura de que se trate.

O coñecemento respecto aos tipos específicos de material rodante ou seguranza e técnicas e normas de circulación/explotación/operación para unha infraestrutura específica/particular non forma parte do que é o “coñecemento xeral”.

A formación para coñecer o material rodante ou a infraestrutura específicos que teñen que ver co certificado do maquinista está especificada no anexo V.1.3.2.

V.1.2) Coñecementos profesionais e prescricións relativas ás licenzas.

V.1.2.1) Obxectivos xerais da formación da licenza.

A formación xeral abranguerá as seguintes materias:

1) O traballo dun maquinista, o contorno de traballo, as funcións e responsabilidades do maquinista no proceso de explotación ferroviaria, así como as exigencias profesionais e persoais dos deberes do maquinista:

a) coñecer as liñas xerais da lexislación e as normas aplicables á explotación e seguranza ferroviarias (requisitos e procedementos relativos á certificación dos maquinistas, ás mercadorías perigosas, á protección do ambiente, á protección contra incendios, etc.);

b) comprender os requisitos específicos e as exigencias persoais e profesionais (traballar fundamentalmente só, traballo por quendas nun ciclo de vinte e catro horas, protección e seguranza individuais, lectura e actualización de documentos, etc.);

c) comprender os comportamentos que son compatibles con responsabilidades determinantes para a seguranza (medicación, alcohol, drogas ou outras substancias psioactivas, enfermidade, estrés, fatiga, atención, etc.) e a importancia dun estilo de vida san e o mantemento dunhas condicións psicofísicas adecuadas e a súa relación coa profesionalidade e coa seguranza;

d) determinar os documentos de referencia e os documentos operativos (regulamentos, libro de itinerarios, manual do maquinista, etc.), adquirindo compromiso do seu cumprimento;

e) determinar as responsabilidades e funcións das persoas implicadas;

f) comprender a importancia da precisión no desempeño das tarefas e nos métodos de traballo, nas boas prácticas profesionais e da cultura de seguranza nos sistemas ferroviarios;

g) comprender a saúde e seguranza no traballo (p. ex., código de conduta nas vías e na proximidade destas, código de conduta ao subir e baixar da unidade motriz, ergonomía, regras de seguranza do persoal, equipamento de protección persoal, etc.);

h) coñecer as aptitudes e os principios en materia de conduta (xestión do estrés, situacións extremas, etc.);

i) coñecer os principios da protección do ambiente (condución sustentable, etc.);

j) asumir a mellora continua como profesional, participando activamente na formación e adestramento promovidas polas entidades ferroviarias.

2) As tecnoloxías ferroviarias, incluídos os principios de seguranza en que se basea a regulamentación operativa:

a) coñecer os principios, a normativa relacionada coa seguranza nas operacións do tren:

b) identificar as responsabilidades e funcións das persoas involucradas.

3) Os principios básicos da infraestrutura ferroviaria:

a) Coñecer os principios e parámetros sistemáticos e estruturais.

b) Coñecer as características xerais das vías, estacións e centros de clasificación.

- c) Coñecer as estruturas ferroviarias (pontes, túneles, etc.).
 - d) Coñecer os tipos de circulación (unha soa vía, a circulación en dobre vía, etc.).
 - e) Coñecer os sistemas de sinalización e de control de tráfico.
 - f) Coñecer as instalacións de seguranza (detectores de caixas quentes, detectores de fume nos túneles, etc.).
 - g) Coñecer o sistema de alimentación eléctrica da tracción (catenaria, terceiro carril, etc.).
- 4) Os principios básicos da comunicación operativa:
- a) Coñecer a importancia da comunicación, así como os seus medios e procedementos.
 - b) Identificar as persoas que o maquinista necesita para se pór en contacto e as súas funcións e responsabilidades (persoal do administrador de infraestruturas, as funcións doutros membros do persoal de tren, etc.).
 - c) Identificar situacións e causas que requiren que se inicie a comunicación.
 - d) Comprender os medios de comunicación e asumilos como ferramentas de traballo, especialmente nos sistemas degradados da conducción.
- 5) Os trens, a súa composición e os requisitos técnicos das unidades de tracción, vagóns, coches e demais material rodante:
- a) Coñecer os tipos xenéricos de tracción (eléctrico, diésel, vapor, etc.).
 - b) Describir o deseño dun vehículo (bogies, a cabina, sistemas de protección, etc.).
 - c) Coñecer o contido e os sistemas de marcación.
 - d) Coñecer a documentación da composición do tren.
 - e) Entender os sistemas de freada e cálculo de rendemento.
 - f) Identificar a velocidade do tren.
 - g) Identificar a carga máxima e as forzas no enganche.
 - h) Coñecer a circulación e o funcionamento do sistema de xestión de trens.
- 6) Os perigos na explotación/circulación ferroviaria en xeral:
- a) Entender os principios da xestión da seguranza do tráfico ferroviario.
 - b) Coñecer os riscos relacionados coa explotación ferroviaria e os medios que se utilizarán para mitígalos.
 - c) Coñecer os incidentes importantes de seguranza e entender o comportamento e reacción requiridos.
 - d) Coñecer os procedementos aplicables aos accidentes con vítimas (por exemplo, evacuación).
 - e) Coñecer a necesidade de comunicar calquera perigo observado (normas, infraestruturas e sinais, vehículos e persoas) como acción preventiva e de cultura de seguranza.
- 7) Os principios físicos básicos:
- a) Entender as forzas na roda.
 - b) Identificar os factores que inflúen na aceleración e freada (condicións meteorolóxicas, o equipamento de freada, a redución da adherencia, sistema areador, etc.).
 - c) Entender os principios da electricidade (circuitos, medición da tensión, etc.).

V.1.2.2) Coñecementos profesionais para a formación da licenza.

En particular, en desenvolvemento dos puntos anteriores, o maquinista deberá coñecer o seguinte, que debe permitirlle, ao menos, dispor dos coñecementos xerais necesarios para o exercicio das actividades:

1. Probas de freada. O maquinista deberá ser capaz de:

– Verificar e calcular, antes da saída do tren ou servizo da manobra, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a infraestrutura e ámbitos ferroviarios.

– Verificar o funcionamento dos diversos compoñentes do sistema de freada da unidade motriz e do tren, segundo proceda, antes de toda posta en movemento, na posta en servizo e en marcha.

2. Condución do tren ou da manobra de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos. O maquinista deberá ser capaz de:

– Utilizar todos os dispositivos de mando e control que estean á súa disposición, segundo as regras aplicables.

– Arrancar o tren respectando as limitacións relativas á adherencia e á potencia.

– Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.

3. Anomalías. O maquinista deberá:

– Ser capaz de estar atento aos acontecementos inusuais relacionados coa condución do tren.

– Coñecer os medios de protección e comunicación dispoñibles.

– Saber manexar situacións degradadas de condución (vehículo, instalacións ou ambos).

4. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas. O maquinista deberá coñecer de maneira xenérica os procedementos de evacuación do tren, en caso de emerxencia.

5. Inmobilización do tren ou da manobra. O maquinista de maneira xenérica deberá:

– Ser capaz de tomar as medidas necesarias para evitar que o tren ou a manobra, ou partes do tren, se poñan en marcha ou en movemento intempestivamente, incluso nas condicións máis desfavorables.

– Prestar atención, na medida en que a condución do tren ou a manobra o permita, aos acontecementos inusuais relacionados coa infraestrutura ferroviaria e co contorno: ordes e indicacións relacionadas coa manobra, sinais, vía, alimentación de enerxía, pasos a nivel, arredores da vía, outras circulacións e ao paso polas estacións.

– Coñecer as distancias precisas para realizar manobras ou obstáculos.

– Notificar o antes posible ao administrador de infraestruturas o lugar e a natureza das anomalías constatadas, asegurándose de ser ben interpretado polo seu interlocutor.

– Ter en conta a infraestrutura, coidar ou facer que se vele pola seguranza da circulación de persoas sempre que sexa necesario.

6. Normas de seguranza. O maquinista deberá ser capaz de:

– Realizar movementos de manobras, cando as condicións de seguranza se cumbran.

- Pór o tren en marcha soamente se se reúnen as condicións regulamentarias (horario, orde ou sinal de saída, apertura de sinais, etc.).

- Observar a sinalización (lateral ou en cabina), descodificala sen dúbidas nin erros e levar a cabo as accións prescritas.

- Circular con total seguranza segundo os modos particulares de explotación: aplicación dos ditos modos cando se reciba a orde correspondente, limitación temporal de velocidade, circulación en sentido inverso ao normal, autorización para superar sinais que ordenen parada, manobras, circular por infraestruturas ferroviarias que están en mantemento e/ou reparación, etc.

7. Condución do tren. O maquinista deberá ser capaz de:

- Coñecer en todo momento a súa situación na liña, terminal ou estación de clasificación pola cal circula.

- Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren ou a manobra, respectando o material rodante e as instalacións.

- Regular a marcha do tren ou a manobra consonte o horario e as ordes relacionadas cos movementos de manobras, tendo en conta as características xenéricas da unidade motriz, o tren, a manobra, a liña e o contorno.

8. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas. O maquinista deberá ser capaz de:

- Adoptar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas.

- Determinar o punto de parada do tren tras un incendio e, se procede, facilitar a evacuación dos ocupantes.

- Facilitar en canto sexa posible os datos pertinentes sobre o incendio, se non puido dominalo el mesmo.

- Notificar canto antes tales condicións ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

- Avaliar se a infraestrutura ferroviaria permite que continúe a marcha do vehículo ou o tren e en que condicións.

9. Coñecementos do material rodante. O maquinista deberá estar familiarizado cos sistemas de mando dos vehículos e cos seus indicadores (tracción, freada e dispositivos relacionados coa seguranza), ademais de dispor de coñecementos xerais sobre os principais elementos do material rodante:

- As estruturas mecánicas.

- Os órganos de suspensión e conexión.

- Os órganos de rodadura.

- Os equipamentos de seguranza.

- Os depósitos de combustible, dispositivos de alimentación de combustible e órganos de escape.

- O dispositivo de marcación que figura no interior e no exterior do material, especialmente os símbolos utilizados para o transporte de mercadorías perigosas.

- Os sistemas eléctricos e pneumáticos.

- Os órganos de captación e circuitos de alta tensión.

- Os medios de comunicación (radio, telefonía, sinais visuais, sinais auditivos, etc.).

- Os órganos de freada.

10. Coñecementos da infraestrutura:

O maquinista deberá ser capaz de verificar e calcular, antes da saída do tren ou da manobra, o tipo de marcha e a velocidade máxima do tren en función das

características da liña, terminal ou estación de clasificación. Ademais, deberá dispor de coñecementos xerais sobre:

- As condicións de explotación (realización de manobras, cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).
- A realización dun itinerario e a consulta dos documentos correspondentes.
- A determinación das vías utilizables para o tipo de circulación considerado.
- As normas de circulación aplicables e o significado do sistema de sinalización.
- O réxime de explotación.
- O sistema de bloqueo e regulamentación asociada.
- Nome, situación e localización a distancia de estacións e postos de explotación, co fin de prever a conducción.
- A sinalización de transición entre os distintos sistemas de explotación ou alimentación de enerxía.
- As velocidades máximas para as distintas categorías de trens conducidos polo axente.
- As condicións particulares de freada, tales como as aplicables en liñas de forte pendente.
- As particularidades de explotación: sinais ou paneis específicos, condicións de saída, etc.
- Os puntos de especial dificultade da infraestrutura.

V.1.2.3) Formación práctica.

Unha vez superado un exame do centro de formación sobre os coñecementos teóricos, será necesario realizar a formación práctica prevista no programa formativo para obter a licenza cos seguintes criterios:

1. O aspirante realizará 24 horas de acompañamento en cabina, sen intervir na conducción, para adquirir coñecementos relativos á pericia na conducción, en que estará presente o maquinista titular.

2. Previamente ao acceso á conducción efectiva, será necesario que o aspirante se familiarice adecuadamente co manexo dun vehículo ferroviario. Para isto, existen dúas opcións:

2.a) No caso de que o centro de formación dispoña de simulador de conducción, os aspirantes deberán realizar 16 horas de prácticas de conducción no simulador. Cando finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou esas horas demostrando un nivel de coñecementos teóricos suficientes de conformidade co previsto no programa formativo destinado á obtención da licenza de conducción.

2.b) No caso de que o centro de formación non dispoña de simulador de conducción, os aspirantes deberán realizar 16 horas de prácticas de conducción en que estará presente o maquinista titular, que estarán supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro. As citadas probas realizaranse, dentro do posible, nunha vía de probas ou nun recinto sen conexión coa rede xeral e nunha locomotora illada ou nun tren autopropulsado sen viaxeiros.

Cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou esas horas, supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro, demostrando un nivel de coñecementos teóricos suficientes de conformidade co previsto no programa formativo destinado á obtención da licenza de conducción.

3. Unha vez superado o proceso anterior, iniciaranse as horas de conducción efectiva, que se descomporán en dous bloques:

3.a) As primeiras 16 horas de conducción efectiva estarán supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro, en que estará presente o

maquinista titular e, cando finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que se realizaron satisfactoriamente. Estas prácticas deberán realizarse na rede ferroviaria de interese xeral, en calquera dos seguintes vehículos ou trens: vehículos de manobras, trens de traballo, locomotoras illadas ou trens autopropulsados sen viaxeiros.

3.b) Unha vez superadas polo aspirante as prácticas dos puntos 2 e 3.a), deberánse remitir os correspondentes certificados á autoridade responsable da segurancia ferroviaria. Entón o aspirante poderá comezar o segundo bloque de prácticas de condución efectiva en vehículos de manobras, trens de traballo, trens de mercadorías ou trens autopropulsados de viaxeiros. Este bloque de horas de condución sempre estará supervisado por un maquinista que estea debidamente habilitado. Cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou ao menos 40 horas de prácticas de condución efectiva.

4. O resto da formación práctica, até completar as 120 horas, realizarase mediante visitas a instalacións ferroviarias, talleres de mantemento de vehículos, estacións, cargadoiros, estacións de clasificación de vagóns, postos de mando, etc. onde os aspirantes poidan adquirir a formación práctica necesaria para completar o coñecemento integrado no programa formativo para obter a licenza de condución.

A condución durante os puntos 2.b), 3.a) e 3.b) realizarase baixo as seguintes prescricións:

a) Nos supostos de que exista algunha situación degradada de circulación ou que poida pór en risco a segurancia na circulación, o maquinista titular farase cargo da condución de maneira inmediata até que remitan as causas que xustificaron tal situación.

b) O maquinista titular será o responsable do tren, para efectos das normas regulamentarias de aplicación relacionadas coa segurancia na circulación de aplicación ao seu tren.

c) Para efectos do disposto na disposición adicional décimo segunda do Regulamento do sector ferroviario, sobre os tempos máximos de condución, o maquinista titular e o instrutor de ensino práctico do centro considerarán o tempo de condución dun aspirante como se se tratase de condución efectiva do maquinista titular ou do instrutor, e ambos estarán suxeitos ao disposto na dita norma.

V.1.3) Coñecementos profesionais e prescricións relativas aos certificados.

V.1.3.1) Coñecementos profesionais xerais comúns:

O presente punto só será exigible para os certificados de categoría B, en desenvolvemento dos coñecementos indicados no artigo 40.2.a).

En relación cos certificados de categoría A, considérase que non é necesaria unha formación adicional para dispor dos coñecementos xerais comúns, sempre e cando a licenza de condución se obtivese de acordo cun contido conforme o punto V.1.2 deste anexo.

O contido dos coñecementos que se describen neste punto deberán particularizarse de tal modo que, adicionalmente aos coñecementos obtidos para a licenza, e con independencia dos coñecementos específicos relativos a cada vehículo ou liña concretos, se poidan levar a cabo as actividades de condución de vehículos de viaxeiros ou mercadorías recollidas no certificado de categoría B.

V.1.3.1.1) Coñecementos relativos a material rodante:

O contido da carga lectiva mínima deste punto para adquirir os coñecementos exigidos será de ao menos 275 horas, distribuído entre ensino teórico e práctico.

Ademais da formación específica sobre vehículos concretos establecida no punto V.1.3.2.1) deste anexo, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas en relación cun material rodante xenérico:

1. Probas e verificacións prescritas antes da saída do tren. O maquinista deberá poder:

- Procurarse a documentación e equipamento necesarios.
- Comprobar as prestacións da unidade motriz.
- Comprobar as indicacións que figuren nos documentos a bordo da unidade motriz.
- Asegurarse, realizando as probas e comprobacións previstas, de que a unidade motriz está en condicións de asegurar o remolque do tren e de que funcionan os dispositivos de seguranza.
- Comprobar a dispoñibilidade e operatividade dos equipamentos de protección e seguranza obrigatorios con anterioridade ás substitucións de locomotora e inicios de viaxe.
- Realizar as operacións correntes de mantemento preventivo.

2. Coñecemento do material rodante. Para conducir a unidade motriz, o maquinista deberá coñecer a totalidade dos sistemas de mando e indicadores postos á súa disposición, en particular; os relacionados:

- Coa tracción.
- Coa freada.
- Cos dispositivos relacionados coa seguranza da circulación.

Para poder detectar e localizar unha anomalía do material rodante, sinalala e determinar as condicións de restablecemento da marcha así como, en determinados casos, efectuar unha intervención, o maquinista deberá coñecer:

- As estruturas mecánicas.
- Os órganos de suspensión e conexión.
- Os órganos de rodadura.
- Os equipamentos de seguranza.
- Os depósitos de combustible, dispositivos de alimentación de combustible e órganos de escape.
- O dispositivo de marcación, que figura no interior e no exterior do material, especialmente os símbolos utilizados para transportar mercadorías perigosas.
- Os sistemas de rexistro de viaxes.
- Os sistemas eléctricos e pneumáticos.
- Os sistemas de axuda á conducción.
- Os órganos de captación e circuítos de alta tensión.
- Os sistemas de información de sinais en cabina (ASFA, ERTMS, etc.).
- Os medios de comunicación (radio, telefonía, sinais visuais, sinais auditivos, etc.).
- Os plans de viaxe.
- Os elementos que constitúen o material rodante, a súa función e os dispositivos particulares do material remolcado, en especial, o sistema de parada do tren por descompresión do circuítto xeral de freada.
- Os órganos de freada.
- Os elementos particulares das unidades motrices.
- O mecanismo de tracción, os motores e as transmisións.

3. Probas de freada do tren. O maquinista deberá ser capaz de:

- Verificar e calcular, antes da saída do tren, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a infraestrutura ferroviaria.

- Verificar o funcionamento dos diversos compoñentes do sistema de freada da unidade motriz e do tren, segundo proceda, antes de toda posta en movemento, na posta en servizo e en marcha.

4. Tipo de marcha e de velocidade máxima do tren en función das características da liña. O maquinista deberá ser capaz de:

- Ter en conta as informacións que se lle transmitan antes de toda saída.

- Determinar o tipo de marcha e a velocidade límite do tren en función de variables como as limitacións de velocidade, condicións meteorolóxicas ou modificacións da sinalización.

5. Condución do tren ou da manobra, de maneira que non se deterioreen as instalacións nin os vehículos. O maquinista deberá ser capaz de:

- Utilizar todos os dispositivos de mando e control que estean á súa disposición, segundo as regras aplicables.

- Arrancar o tren respectando as limitacións relativas á adherencia e á potencia.

- Utilizar o freo con prudencia, sempre que sexa posible, para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.

6. Anomalías. O maquinista deberá:

- Ser capaz de estar atento aos acontecementos inusuais relacionados coa condución do tren.

- Ser capaz de inspeccionar o tren e identificar os indicadores de anomalías, diferenciarlos e reaccionar segundo a súa importancia respectiva, e intentar solucionarlas, favorecendo en todos os casos a seguranza da circulación ferroviaria e as persoas.

- Coñecer os medios de protección e comunicación dispoñibles.

7. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas. O maquinista deberá:

- Ser capaz de tomar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas a bordo do tren.

- Ser capaz de determinar se o tren transporta mercadorías perigosas e identificalas sobre a base da documentación do tren e a lista de vagóns.

- Deberá coñecer os procedementos de evacuación dun tren en caso de emerxencia.

8. Condicións de restablecemento da marcha despois dun incidente que afecte o material rodante. Despois dun incidente, o maquinista deberá ser capaz de:

- Avaliar se o material pode seguir circulando e en que condicións, de tal forma que notifique esas condicións o antes posible ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

- Determinar se cómpre a avaliación dun perito antes de que o tren poida continuar a marcha.

9. Inmobilización do tren. O maquinista deberá:

- Ser capaz de tomar as medidas necesarias para evitar que o tren, ou partes do tren, se poñan en marcha ou en movemento intempestivamente, incluso nas condicións máis desfavorables.

– Ademais, o maquinista deberá coñecer as medidas necesarias para deter un tren ou partes dun tren, en caso de que se poñan en movemento intempestivamente.

V.1.3.1.2) Coñecementos relativos á infraestrutura:

O contido da carga lectiva mínima deste punto para adquirir os coñecementos exixidos será de ao menos 450 horas, distribuído entre ensino teórico e práctico.

Ademais da formación específica sobre liñas concretas establecida no punto V.1.3.2.2) deste anexo, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas en relación cunha liña xenérica:

1. Probas de freada do tren. O maquinista deberá ser capaz de verificar e calcular, antes da saída do tren, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a liña.

2. Tipo de marcha e velocidade máxima do tren en función das características das liñas. O maquinista deberá ser capaz de:

– Ter en conta as informacións que se lle transmitan, tales como as limitacións de velocidade ou as indicacións que ofrezan os sinais.

– Determinar o tipo de marcha e a velocidade máxima asignada do tren en función das características da infraestrutura ferroviaria e da composición do tren.

3. Coñecemento das liñas. O maquinista deberá:

– Ser capaz de prever e reaccionar correctamente en termos de seguranza e doutros aspectos funcionais, como a puntualidade e os aspectos económicos.

– Deberá coñecer ben as liñas e instalacións ferroviarias que percorra, así como, chegado o caso, os itinerarios alternativos convidados.

– Deberá estar familiarizado cos seguintes aspectos das liñas:

– As condicións de explotación (cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).

– A realización dun itinerario e a consulta dos documentos correspondentes.

– A determinación das vías utilizables para o tipo de circulación considerado.

– As normas de circulación aplicables e o significado do sistema de sinalización.

– O réxime de explotación.

– O sistema de bloqueo e regulamentación asociada.

– Nome, situación e localización a distancia de estacións e postos de explotación, co fin de prever a conducción.

– A sinalización de transición entre os distintos sistemas de explotación ou alimentación de enerxía.

– As velocidades máximas para as distintas categorías de trens conducidos polo axente.

– Os perfís topográficos.

– As condicións particulares de freada, tales como as aplicables en liñas de forte pendente.

– As particularidades de explotación: sinais ou paneis específicos, condicións de saída, etc.

4. Normas de seguranza. O maquinista deberá ser capaz de:

– Pór o tren en marcha soamente se se reúnen as condicións regulamentarias (horario, orde e/ou sinal de saída, apertura de sinais, etc.).

– Observar a sinalización (lateral ou en cabina), descodificala sen dúbidas nin erros e levar a cabo as accións prescritas.

– Circular con total seguranza segundo os modos particulares de explotación: aplicación dos ditos modos cando se reciba a orde correspondente, limitación

temporal de velocidade, circulación en sentido inverso ao normal, autorización para superar sinais que ordenen parada, manobras, circular por infraestruturas ferroviarias que están en mantemento e/ou reparación, etc.

– Observar as paradas que estean previstas no horario ou fosen ordenadas e efectuar, se procede, as operacións de servizo de viaxeiros nelas.

5. Condución do tren. O maquinista deberá ser capaz de adecuar a condución á infraestrutura:

- Coñecer en todo momento a súa situación na liña pola cal circula.
- Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.
- Regular a marcha do tren consonte o horario e as eventuais consignas de aforro de enerxía, tendo en conta as características da unidade motriz, o tren, a liña e o contorno.

6. Anomalías. O maquinista deberá ser capaz de:

- Prestar atención, na medida en que a condución do tren o permita, aos acontecementos inusuais relacionados coa infraestrutura ferroviaria e o contorno: sinais, vía, alimentación de enerxía, pasos a nivel, arredores da vía, outras circulacións e ao paso polas estacións.
- Coñecer as distancias precisas para respectar obstáculos.
- Notificar o antes posible ao administrador de infraestruturas o lugar e a natureza das anomalías constatadas, asegurándose de ser ben interpretado polo seu interlocutor.
- Ter en conta a infraestrutura, coidar ou facer que se vele pola seguranza da circulación de persoas sempre que sexa necesario.

7. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas. O maquinista deberá ser capaz de:

- Adoptar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas.
- Determinar o punto de parada do tren tras un incendio e, se procede, facilitar a evacuación dos viaxeiros.
- Facilitar en canto sexa posible os datos pertinentes sobre o incendio, se non o puido dominar el mesmo.
- Notificar canto antes esas condicións ao administrador de infraestruturas ferroviarias.
- Avaliar se a infraestrutura ferroviaria permite que continúe a marcha do vehículo ou o tren e en que condicións.

V.1.3.1.3) Formación práctica.

Unha vez superado un exame sobre os coñecementos teóricos, será necesario realizar a formación práctica prevista no programa formativo para obter o certificado de condución de categoría B, cos seguintes criterios:

1. O aspirante realizará 24 horas de acompañamento en cabina, sen intervir na condución, para adquirir coñecementos relativos á pericia na condución, en que estará presente o maquinista titular.

2. Previamente ao acceso á condución efectiva, será necesario que o aspirante se familiarice adecuadamente co manexo dun vehículo ferroviario nas condicións que permite un certificado de condución de categoría B. Para isto, existen dúas opcións:

2.a) No caso de que o centro de formación dispoña de simulador de condución, os aspirantes deberán realizar 16 horas de prácticas de condución no simulador.

Cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou esas horas de prácticas e demostrou un nivel de coñecementos teóricos suficientes de conformidade co previsto no programa formativo destinado a obter o certificado de condución de categoría B.

2.b) No caso de que o centro de formación non dispoña de simulador de condución, os aspirantes deberán realizar 16 horas de prácticas de condución en que estará presente o maquinista titular, que estarán supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro. As citadas probas realizaranse, dentro do posible, nunha vía de probas ou nun recinto sen conexión coa rede e nunha locomotora illada ou nun tren autopropulsado sen viaxeiros.

Cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou esas horas, supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro, e demostrou un nivel de coñecementos teóricos suficientes de conformidade co previsto no programa formativo destinado a obter o certificado de condución de categoría B.

3. Unha vez superado o proceso anterior, iniciaranse as horas de condución efectiva, que se descomporán en dous bloques:

3.a) As primeiras 24 horas de condución efectiva na rede ferroviaria de interese xeral estarán supervisadas en todo momento por un instrutor de ensino práctico do centro, nas cales estará presente o maquinista titular e, cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que se realizaron satisfactoriamente.

3.b) Unha vez superados polo aspirante os puntos 2 e 3.a), deberánselle remitir os ditos certificados á autoridade responsable da seguranza ferroviaria e ao responsable da seguranza da entidade outorgante. Entón o aspirante poderá comezar coas prácticas de condución efectiva en trens de viaxeiros ou mercadorías, sempre que estean supervisadas por un maquinista que estea debidamente habilitado. Cando estas finalicen, o instrutor do centro deberá emitir un certificado, se así procede, en que figure que o aspirante superou as 136 horas de prácticas de condución efectiva.

A condución durante os puntos 2.b), 3.a) e 3.b) realizarase baixo as seguintes prescricións:

a) Nos supostos de que exista algunha situación degradada de circulación ou que poida pór en risco a seguranza na circulación, o maquinista titular farase cargo da condución de maneira inmediata até que remitan as causas que xustificaron tal situación.

b) O maquinista titular será o responsable do tren, para efectos das normas regulamentarias de aplicación relacionadas coa seguranza na circulación de aplicación ao seu tren.

c) Para efectos do establecido na disposición adicional décimo segunda do Regulamento do sector ferroviario sobre os tempos máximos de condución, o maquinista titular e o instrutor de ensino práctico do centro considerarán o tempo de condución dun aspirante como se se tratase de condución efectiva do maquinista titular ou do instrutor, e ambos estarán suxeitos ao disposto na dita norma.

V.1.3.2) Coñecementos profesionais específicos sobre os vehículos e liñas concretos que se deberán incluír no certificado.

O presente punto será exigible para os certificados de categoría A ou B, en desenvolvemento dos coñecementos indicados no artigo 40.2.b).

V.1.3.2.1) Coñecementos relativos a material rodante:

O contido da carga lectiva mínima deste punto para adquirir os coñecementos exixidos será de ao menos 80 horas por cada vehículo, distribuído entre ensino teórico e práctico. A regulación da carga lectiva deste punto desenvolverase

mediante resolución da autoridade responsable da seguranza ferroviaria, de conformidade co establecido na disposición adicional sétima desta orde.

Ao rematar a formación específica relativa ao material rodante, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas, en relación cun ou varios vehículos concretos incluídos no seu certificado:

1. Condución do tren ou da manobra, de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos. O maquinista deberá ser capaz de utilizar todos os dispositivos de mando e control que estean á súa disposición, segundo as regras aplicables, naqueles vehículos motores que estea autorizado a conducir.

2. Condicións de restablecemento da marcha, despois dun incidente que afecte o material rodante daqueles vehículos motores que estea autorizado a conducir. Despois dun incidente, o maquinista deberá ser capaz de avaliar se o material pode seguir circulando e en que condicións, de tal forma que notifique esas condicións o antes posible ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

3. Inmobilización do tren. O maquinista deberá coñecer as medidas que adoptar sobre aqueles vehículos motores que estea autorizado a conducir para evitar que o tren ou partes do tren se poñan en marcha ou en movemento intempestivamente, incluso nas condicións máis desfavorables.

Ademais, o maquinista deberá coñecer as medidas necesarias para deter aqueles vehículos motores que estea autorizado a conducir, ou partes do seu tren, no caso de que se segregase por accidente.

4. Coñecementos do material rodante. Para conducir a unidade motriz, o maquinista deberá coñecer en detalle a totalidade dos sistemas de mando e indicadores postos á súa disposición, en particular os relacionados coa tracción, coa freada e cos dispositivos relacionados coa seguranza da circulación.

Para poder detectar e localizar unha anomalía do material rodante, sinalala e determinar as condicións de restablecemento da marcha ou servizo da manobra así como, en determinados casos, efectuar unha intervención, o maquinista deberá coñecer con detalle suficiente:

- As estruturas mecánicas.
- Os órganos de suspensión e conexión.
- Os órganos de rodadura.
- Os equipamentos de seguranza.
- Os depósitos de combustible, dispositivos de alimentación de combustible e órganos de escape.
- O dispositivo de marcación que figura no interior e no exterior do material, especialmente os símbolos utilizados para o transporte de mercadorías perigosas.
- O sistema do rexistro xurídico do material rodante do tren.
- Os sistemas eléctricos e pneumáticos.
- Os sistemas de axuda á condución.
- Os órganos de captación e circuítos de alta tensión.
- Os sistemas de información de sinais en cabina (ASFA, ERTMS, etc.).
- Os medios de comunicación (radio, telefonía, sinais visuais, sinais auditivos, etc.).
- Os órganos de freada.
- Os elementos particulares das unidades motrices.
- Os plans de viaxe.
- Os elementos que constitúen o material rodante, a súa función e os dispositivos particulares do material remolcado, en especial, o sistema de parada do tren por descompresión do circuítto xeral de freada.
- O mecanismo de tracción, os motores e as transmisións.

V.1.3.2.2) Coñecementos relativos a infraestruturas:

O contido da carga lectiva mínima deste punto para adquirir os coñecementos exixidos será de ao menos 35 horas por cada liña ou contorno operativo, entre

ensino teórico e práctico. A regulación da carga lectiva deste punto estará desenvolvida pola resolución da autoridade responsable da seguraza ferroviaria, de conformidade co establecido na disposición adicional sétima desta orde.

O maquinista recibirá formación, en detalle, para cada unha das liñas ou contornos operativos concretos en que se pretende circular, sobre os seguintes aspectos:

1. Coñecemento da liña e do seu contorno operativo, terminal ou estación de clasificación. Deberá coñecer co detalle preciso para circular en condicións seguras as infraestruturas ferroviarias que percorra, incluso, chegado o caso, os itinerarios alternativos convidados.

Para isto deberá coñecer os seguintes aspectos:

- As condicións de explotación (realización de manobras, cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).
- A realización dun itinerario e a consulta dos documentos correspondentes.
- A determinación das vías utilizables para o tipo de circulación considerado.
- As normas de circulación aplicables e o significado do sistema de sinalización.
- O réxime de explotación.
- O sistema de bloqueo e a regulamentación asociada.
- Nome, situación e localización a distancia de estacións e postos de explotación, co fin de prever a conducción.
- A sinalización de transición entre os distintos sistemas de explotación ou alimentación de enerxía.
- As velocidades máximas para as distintas categorías de trens conducidos polo axente.
- As condicións particulares de freada, tales como as aplicables en liñas de forte pendente.
- As particularidades de explotación: sinais ou paneis específicos, condicións de saída, etc.

2. Puntos de especial dificultade da infraestrutura: na formación dirixida aos maquinistas sobre a infraestrutura, poranse no seu coñecemento aqueles puntos críticos de especial dificultade durante a conducción e sobre aqueles que existise algún tipo de incidente ou accidente coñecido.

V.1.3.3) Coñecementos sobre o sistema de xestión da seguraza da entidade ferroviaria.

O presente punto será exigible para os certificados de categoría A ou B, en desenvolvemento dos coñecementos indicados no artigo 40.2.c).

A entidade ferroviaria debe establecer unha formación que garanta que o seu persoal ten coñecemento do sistema de xestión da seguraza, que pode acceder con facilidade a el, que o comprende e sabe aplicalo.

Para tal fin, incluíranse, ao menos, os seguintes contidos:

1. Coñecementos a nivel xeral do sistema de xestión da seguraza e da súa estrutura.
2. Organización e competencias en materia de seguraza dentro da entidade, incluíndo os sistemas de formación e reciclaxe.
3. Mecanismos de transmisión da información establecidos no sistema de xestión da seguraza, tanto os usados pola súa entidade para lle comunicar información como os que a súa entidade teña establecidos co resto de administradores e empresas ferroviarias.
4. Política e plans de seguraza da entidade ferroviaria.
5. Mecanismos de xestión de riscos.
6. Procedementos operativos relevantes.
7. Procedementos de investigación de accidentes e plans de emerxencia ou continxencias.

8. Coñecementos específicos en relación coa explotación concreta que vaia realizar a súa entidade ferroviaria:

- Material ferroviario utilizado pola súa entidade ferroviaria.
- Lugares onde a súa entidade ferroviaria realiza a explotación ferroviaria, con especial incidencia naqueles lugares onde o maquinista circule por elas (realización de manobras, cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).
- Distintos intervinientes durante a explotación ferroviaria da súa entidade ferroviaria.
- Lugares onde recibir a documentación relativa ao tren, lugares onde se deixan e toman os vehículos ferroviarios, etc.

V.1.3.4 Coñecementos lingüísticos.

Proba lingüística:

O presente punto será exigible para os certificados de categoría A ou B.

Os maquinistas que deban comunicarse co administrador de infraestruturas sobre cuestións críticas de seguraza deben ter as competencias lingüísticas en castelán (o idioma indicado polo administrador de infraestruturas). As súas habilidades lingüísticas deben ser tales que poidan comunicarse de maneira activa e eficaz en situacións rutineiras, adversas e de emerxencia.

Deberán ser capaces de empregar as mensaxes e o método de comunicación especificados na «Explotación e xestión do tráfico» ETI. Os maquinistas deberán ser capaces de comunicarse oralmente e por escrito de acordo co nivel B1 do Marco común europeo de referencia para os idiomas (MCER), establecido polo Consello de Europa.

V.2) *Probas de avaliación de licenzas e certificados*

As probas de avaliación para as licenzas e certificados serán deseñadas coas materias recollidas nos programas de formación, conforme os contidos do punto V.1. do presente anexo.

A autoridade responsable da seguraza ferroviaria poderá regular, mediante resolución, o proceso para a convocatoria e realización das probas de avaliación, teórica e práctica, para obter a licenza de condución, así como emitir directrices e recomendacións sobre as probas de avaliación dos certificados.

V.3) *Programa de formación dos cursos de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos dos certificados*

De maneira xeral, estes cursos incluírán, ao menos, formación sobre os seguintes aspectos:

- Modificacións e actualizacións dos procedementos e sistemas de xestión da seguraza da entidade ferroviaria a que pertencen.
- Modificacións na normativa aplicable.
- Innovacións tecnolóxicas.
- Supervisión e control de condución efectiva en liña ou simulador realizados por un formador de formación práctica.
- Reforzo dos aspectos relacionados co factor humano na condución: boas prácticas profesionais, percepción do risco e aspectos psicolóxicos (como, entre outros, mantemento da atención ou procesos de toma de decisións en situacións críticas).
- Procedementos de actuación en materia de protección civil e prevención de riscos.
- Adestramento en situacións degradadas e situacións críticas, tendo en conta o retorno da experiencia de sucesos ou incidentes rexistrados, incluíndo a realización de simulacións de operacións con material rodante en situacións de incidentes e avarías.»

Sesenta. Modifícase o anexo VII, que queda redactado como segue:

«ANEXO VII

Contido dos formularios de autodeclaración de saúde previa ao recoñecemento

O documento citado conterá, polo menos, a información contida nas epígrafes seguintes.

AUTODECLARACIÓN DE SAÚDE PREVIA AO RECOÑECIMENTO.

(Para que o interesado a cubra antes do recoñecemento)

A. DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos:
- Data de nacemento:
- NIF:
- Domicilio e datos de contacto:
- Teléfono de contacto:
- Título habilitante para o cal se solicita o recoñecemento:

B. ANTECEDENTES MÉDICO-CIRÚRXCOS

Presenta vostede algún destes antecedentes? Rodee si/non, detalle observacións.

0. Xeral		
Ten algunha enfermidade crónica pola cal deba pasar revisións médicas periódicas?	Si	Non
Padece algún tipo de alerxia?	Si	Non
No último ano:		
Tivo algunha intervención cirúrxica?	Si	Non
Estivo ingresado nalgún centro hospitalario?	Si	Non
Precisou acudir ao servizo de Urgencias?	Si	Non
Tivo algunha baixa médica laboral?	Si	Non
Declarárono nalgunha ocasión como non apto nun recoñecemento psicofísico para persoal ferroviario?	Si	Non
<i>En caso afirmativo:</i>		
En que centro médico? _____		
En que data? _____		

1. Oftalmoloxía		
Utiliza ou utilizou corrección óptica (lentes ou lentes de contacto)?	Si	Non
Notou perda na súa calidade de visión?	Si	Non
Tivo cambio de graduación no último ano?	Si	Non
Operáronlle os ollos no último ano?	Si	Non

2. Otorrinolaringoloxía (gorxa, nariz, oído)		
Notou dificultade para escoitar conversas, timbres, teléfonos?	Si	Non
Utiliza próteses auditivas ou recomendáronlle utilízalas?	Si	Non
Padeceu ou padece algún trastorno de nariz, gorxa ou da fala?	Si	Non

3. Aparello locomotor		
Padece ou padeceu algunha lesión ou enfermidade que lle ocasionase inmovilización, baixa laboral ou ingreso hospitalario?	Si	Non
Quedáronlle secuelas?	Si	Non

4. Sistema cardiovascular		
Padece algunha enfermidade cardiovascular?	Si	Non
É vostede hipertenso?	Si	Non

5. Aparello respiratorio		
É fumador?	Si	Non
Padeceu ou padece algunha enfermidade respiratoria?	Si	Non
Ronca con frecuencia e levántase canso pola mañá?	Si	Non

6. Neurolóxico		
Sufriu perda de conciencia, mareos, desfalecementos, síncope, vertixes, sensación de inestabilidade?	Si	Non
Sufriu ou sofre algunha enfermidade neurolóxica?	Si	Non
Diagnosticáronlle epilepsia nalgún momento da súa vida?	Si	Non
Padece dor de cabeza frecuentemente?	Si	Non

7. Endocrinoloxía		
Padece diabetes?	Si	Non
<i>En caso afirmativo:</i>		
Precisa tratamento farmacolóxico? _____		
Hai cantos anos lla diagnosticaron? _____		

8. Psiquiatría		
Padece ou padeceu episodios de ansiedade, depresión ou algunha enfermidade mental para a cal precisase tratamento?	Si	Non
Ten antecedentes de problemas por consumo de alcohol e/ou drogas?	Si	Non

9. Outras enfermidades		
Ten algunha enfermidade pola cal non se lle preguntou no cuestionario?	Si	Non
<i>En caso afirmativo:</i>		
Cal? _____		

10. Consumo de medicamentos		
Segue algún tratamento con medicamentos de forma continuada?	Si	Non
<i>En caso afirmativo:</i>		
Con que medicamentos? _____		
Toma algún medicamento de forma ocasional?	Si	Non
<i>En caso afirmativo:</i>		
Cales? _____		

Observacións que desexe realizar

Declaro que as anotacións feitas nesta declaración sobre o meu estado de saúde son completas e correctas e que non omitín ningunha información importante. Acepto que a autoridade pode denegarme ou cancelar o resultado da miña valoración médica no caso de ter ocultado ou falseado calquera dato deste cuestionario de saúde, sen prexuízo doutras accións aplicables segundo as leis actuais.

Autorizo e consinto a utilización de toda a información contida neste formulario, nos complementarios (no caso de ser necesario), así como os datos do recoñecemento médico, sempre que estes datos sexan almacenados e permanezan baixo a confidencialidade médica establecida nas normativas sobre protección de datos, así como nos supostos en que, de acordo coa Orde FOM 2872/2010, artigo 66, os centros de recoñecemento médico de persoal ferroviario deban proporcionar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria tanta información relacionada coa avaliación da capacidade psicofísica de persoal ferroviario lles sexa requirida como consecuencia de actuacións de inspección.

DATA

SINATURA

A información reflectida neste cuestionario é estritamente confidencial, en aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En calquera momento, quen asina poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos, para o cal deberá dirixirse ao centro.

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, quen asina consente expresamente a inclusión dos datos resultantes nun ficheiro de datos persoais baixo a responsabilidade do centro.

Sesenta e un. Engádesse un novo anexo VIII, coa seguinte redacción:

«ANEXO VIII

Contido do consentimento informado para toma de mostras biolóxicas para detectar o consumo de alcohol, drogas de abuso ou outras substancias psicactivas

D./D^a.....
..... con NIF n.º.....

Declaro que estou informado de que se vai realizar unha toma de mostras biolóxicas para detectar o consumo de alcohol, drogas de abuso ou outras substancias psicactivas, que se detallan máis adiante e, conforme a Orde FOM 2872/2010, do 5 de novembro, coñezo o alcance dun resultado positivo.

Dou o meu consentimento para que, no día da data:/...../....., se me practiquen as probas analíticas que a seguir se citan:

- Alcoholimetría (medición de alcohol en aire espirado).
- Alcoholemia (medición de alcohol en sangue).
- Análise en ouriños para detección de drogas de abuso ou outras substancias psicactivas.
- Análise de saliva-fluído oral para detección de drogas de abuso ou outras substancias psicactivas.
- Análise de sangue para detección de drogas de abuso ou outras substancias psicactivas.
- Outras matrices que especifique o facultativo.

Para detectar o posible consumo de alcohol, drogas de abuso ou outras substancias psicactivas, con motivo de:

- Incidente ou accidente.
- Recoñecemento segundo a OM FOM 2872/2010, do 5 de novembro.
- Controis aleatorios para detectar alcohol, drogas de abuso e substancias psicactivas.

O médico/ o persoal autorizado pola entidade ferroviaria para realizar controis aleatorios

O solicitante / O traballador

Sinatura:

Sinatura:

A información reflectida neste cuestionario é estritamente confidencial, en aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En calquera momento, quen asina poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos, para o cal se deberá dirixir ao centro.

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, quen asina consente expresamente a inclusión dos datos resultantes da súa participación na toma de mostras biolóxicas nun ficheiro de datos persoais baixo a responsabilidade do centro.

Infórmase de que, de acordo coa Orde FOM 2872/2010, artigo 66, os centros de recoñecemento médico de persoal ferroviario deberán proporcionar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria canta información relacionada coa avaliación da capacidade psicofísica de persoal ferroviario lles sexa requirida como consecuencia das actuacións de inspección, entre eles os resultados das probas de detección de consumo de alcohol, drogas de abuso ou outras substancias psicactivas.

D./D^a.....
..... con NIF n.º.....

NON DOU o consentimento para realizar as probas obxecto deste documento e coñezo o alcance da súa non realización.

A negativa a realizar as probas supón a consideración como NON APTO do correspondente recoñecemento psicofísico e, de ser o caso, podería implicar o inicio dun procedemento sancionador, conforme o establecido na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Sesenta e dous. Engádesse un novo anexo IX coa seguinte redacción:

«ANEXO IX

Medicamentos que poden perturbar ou diminuír as facultades psicofísicas do persoal de circulación e conducción

IX.1 Medicamentos baixo cuxos efectos debe evitarse o exercicio das actividades

a. Benzodiazepinas:

N05B: ansiolíticos:

Alprazolam, bentazepam, bromazepam, clobazam, buspirona, clorzepato dipotasico, clordiazepoxido, clotiazepam, diazepam, halazepam, hidroxicina, ketazolam, lorazepam, oxazepam, pinazepam.

N05C: hipnóticos e sedantes:

Brotizolam, clometiazol, flunitrazepam, flurazepam, loprazolam, lormetazepam, midazolam, quazepam, triazolam, zolpidem, zopiclona.

b. Opiáceos:

N02A: opioides,

N02AA: alcaloides naturais do opio: morfina.

N07BC: fármacos usados na dependencia a opioides: metadona, buprenorfina.

c. Antiepilépticos:

Grupo N. Sistema nervioso. Subgrupo N03.

Fenobarbital, primidona, fenitoína, etosuximida, clonazepam, carbamazepina, oxcarbazepina, rufinamida, tiagabina, valproico-ácido, vigabatrina, valpromida, gabapentina, lacosamida, lamotrixina, levetiracetam, pregabalina, topiramato, zonisamida, retigabina.

IX.2 Medicamentos incluídos nos controis de substancias

Realizaranse controis para detectar o consumo de, polo menos, os seguintes grupos de medicamentos:

Opiáceos: benzodiazepinas.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Suprímese a disposición derradeira primeira da Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 21.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/82/UE da Comisión, do 24 de xuño de 2014, que modifica a Directiva 2007/59/CE do Parlamento

Europeo e do Consello, no que respecta aos coñecementos profesionais xerais, aos requisitos médicos e ás prescricións relativas á licenza. Así mesmo, incorpóranse a Decisión da Comisión, do 22 de novembro de 2011, sobre os criterios para o recoñecemento dos centros que participan na formación dos maquinistas, os criterios de recoñecemento dos examinadores e os criterios para a organización dos exames, de conformidade coa Directiva 2007/59/CE e coa Recomendación da Comisión, do 22 de novembro de 2011, sobre o procedemento de recoñecemento de centros de formación e examinadores de maquinistas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de abril de 2015.– A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.